Sobre a demanda ao Goberno galego da dotación orzamentaria necesaria para a execución dunha rotonda na estrada PO-344 á entrada de Santa María de Tebra, no concello de Tomiño

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 27548 (12/PNC-002604)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 3 máis

Sobre as accións que o Goberno galego debe pór en marcha en relación co conflito laboral que vive o sector do comercio de alimentación da provincia de Ourense

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 27552 (12/PNC-002605)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia

Sobre a demanda ao Goberno galego da posta en marcha neste ano 2025 das accións necesarias para dotar o IES Concepción Arenal, de Ferrol, de instalacións deportivas cubertas

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 27561 (12/PNC-002606)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Castro Rey, Paloma

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego respecto dos recursos internos do Igape para o cumprimento das súas funcións e do control dos seus contratos de externalización

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 27562 (12/PNC-002607)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego respecto dos recursos internos do Igape para o cumprimento das súas funcións e do control dos seus contratos de externalización

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 27563 (12/PNC-002608)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Méndez López, Lara

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego respecto dos recursos internos do Igape para o cumprimento das súas funcións e do control dos seus contratos de externalización

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 27571 (12/PNC-002609)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxecto de que asuma de maneira inmediata as recomendacións formuladas polo Consello de Contas no último informe, publicado en 2025, relativo á Conta Xeral

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos



- 27578 (12/PNC-002610)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a demanda ao Goberno galego da aplicación das recomendacións do Consello de Contas respecto da contabilidade do Sergas

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 27586 (12/PNC-002611)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 3 máis

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo, logo da anulación da autorización do parque eólico O Sobredo, en Arbo, respecto da avaliación ambiental nos procesos de autorización administrativa dos proxectos eólicos

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 27591 (12/PNC-002612)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo, logo da anulación da autorización do parque eólico Monte Xesteiros, na Estrada, respecto da avaliación ambiental nos procesos de autorización administrativa dos proxectos eólicos

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 27596 (12/PNC-002613)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo, logo da anulación da autorización do parque eólico Patiño, en Vimianzo, respecto da avaliación ambiental nos procesos de autorización administrativa dos proxectos eólicos

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 27602 (12/PNC-002614)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 8 máis

Sobre a proposta de resolución que se presenta en defensa da independencia do poder xudicial e a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que retire o proxecto de lei orgánica que se tramita actualmente sobre a regulación do Estatuto orgánico do Ministerio Fiscal

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 27605 (12/PNC-002615)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Deza Martínez, María e 8 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central co fin de que responda ás solicitudes de cesión gratuíta e definitiva das vivendas e do solo en mans da Sareb que se localizan en Galicia

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos



- 27610 (12/PNC-002616)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 8 máis

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego para que impulse formación regrada en materia de apicultura na Escola Agraria de Alta Montaña Pena do Pico, de Becerreá

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 27623 (12/PNC-002617)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a demanda ao Goberno galego de medidas para que as entidades do sector público autonómico melloren a transparencia respecto da súa información económico-financeira e rendición de contas

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 27627 (12/PNC-002618)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a demanda ao Goberno galego dun maior control para evitar o recurso aos contratos menores de forma abusiva

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 27665 (12/PNC-002619)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e 9 máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central no que concirne ao monopolio que aínda exerce Renfe na rede ferroviaria galega

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 27690 (12/PNC-002620)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Insua Lema, Óscar

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co fin de que presente un proxecto de lei para a creación dunha oficina antifraude adscrita ao Parlamento de Galicia e encamiñada á prevención da corrupción

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 27704 (12/PNC-002621)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Ferro Iglesias, José Luis e 7 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central relativa á incorporación na súa estrutura orgánica dos servizos que cumpran para remitir e recibir documentos oficiais en lingua galega

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 27706 (12/PNC-002622)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Ferro Iglesias, José Luis e 7 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno de España co obxecto de que incorpore nos servizos xudiciais unha versión en lingua galega do sistema de xestión procesual Atenea Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 27716 (12/PNC-002623)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e 3 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego da dotación abonda dos centros educativos de Ponteareas no curso 2025-2026 de profesorado especialista en alumnado con necesidades especiais de apoio educativo

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 27720 (12/PNC-002624)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia para impulsar a ampliación do polígono empresarial de Bértoa, en Carballo

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 27721 (12/PNC-002625)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia para impulsar a ampliación do polígono empresarial de Bértoa, en Carballo

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 27727 (12/PNC-002626)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e 2 máis

Sobre a demanda ao Goberno galego das xestións pertinentes ante o Colexio Oficial de Farmacéuticos da Provincia da Coruña para conseguir un novo sistema de organización das quendas de garda nas comarcas de Fisterra e Terra de Soneira

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Santiago de Compostela, 24 de xuño de 2025

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2025 11:22:20
Nº Rexistro: 27734
Data envío: 20/06/2025 11:22:20.195

Asinado o día 20/06/2025 ás 11:12
Por Luis Bará Torres

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Rosana Pérez Fernández, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Cristina Fernández Davila, Secundino Fernández Fernández, Alexandra Fernández Gómez, Ariadna Fernández González, Xosé Manuel Golpe Acuña, Carmela González Iglesias, Oscar Insua Lema, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Brais Ruanova Vilas-Boas, Iago Suárez Fernández, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Taibo Corsanego, Montserrat Valcárcel Armesto e Sonia Vidal Lamas**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**, relativa á regulación pendente de plantas de biogás.

Asinado o día 20/06/2025 ás 11:11
Por Daniel Castro García

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento se posicione canto antes diante da proliferación de proxectos de biogás polo territorio.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE) publicou un estudo sobre o uso enerxético da biomasa, o biogás e os residuos en España desde 2021 ata abril de 2025. Entre outros datos, o informe mostra que anualmente se consumen case 6,5 millóns de tep destes tipos de enerxía. Por enerxía eléctrica xerada, o desglose

Asinado o día 20/06/2025 ás 11:10
Por Ana Pontón Mondelo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2025 11:22:20
Nº Rexistro: 27734
Data envío: 20/06/2025 11:22:20.195

destaca a biomasa con 1.177.840 kW, o biogás con 570.904 kW, os residuos con 450.597 kW e os biolíquidos con 6.412 kW. En total, xeráronse 2,2 millóns de kW mediante bioenerxía. A potencia térmica instalada ascendeu a 17,09 millóns de kW.

O estudo ten como obxectivo replicar a operación estatística periódica para sentar as bases para 2021 e dilucidar as tendencias de consumo de biomasa, biogás e residuos en España. Está estruturado nunha primeira sección cun resumo do consumo, seguida do consumo por comunidade autónoma, o consumo por fonte, o consumo por sector, a enerxía térmica e eléctrica e o sector residencial.

O estudo sobre o uso enerxético da biomasa, o biogás e os residuos en España en 2021 mostra que no sector da tecnoloxía dos residuos, o consumo enerxético é de 444.133,01 tep, o 6,85 %; no sector da biomasa, o consumo enerxético en tep é de 5.697.069,22, o que representa o 87,82 %. O biogás representa o 5,08 %, cun consumo enerxético de 329.469,96 tep, e os biolíquidos un total de 16.316,24 tep. En total, o consumo enerxético en tep é de 6.486.988,43.

En canto á distribución da enerxía eléctrica e térmica por área tecnolóxica, a biomasa supón 1.177.840 kW de potencia eléctrica e 16.055.239 kW de potencia térmica instalada; o biogás representa 570.904 kW de potencia eléctrica e 838.463 kW de potencia térmica; os residuos representan 450.597 kW de potencia eléctrica e 187.593 kW de potencia térmica; e, finalmente, os biolíquidos representan 6.412 kW de potencia eléctrica e 15.488,03 kW de potencia térmica instalada.

O total reflicte 2,2 millóns de kW de potencia eléctrica instalada en bioenerxía e 17,09 millóns de kW de potencia térmica instalada.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra banda, o informe inclúe datos sobre os fogares que consumen biomasa: 1.310.973 son fogares rurais e 1.238.271 son fogares urbanos, cun consumo total de biomasa de 1,60 millóns de tep.

Aínda así, a nova versión do Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima (PNIEC), publicada no outono de 2023, xa propón un aumento dos obxectivos. O Goberno aumenta os obxectivos de gas renovable a 20 TWh para 2030, duplicando a cantidade cuantificada na Folla de Ruta, pero aínda así non cumpre con REPowerEU, o plan presentado pola Comisión Europea en 2022 para reducir a dependencia enerxética estratéxica de Europa acelerando o compromiso cos gases renovables, o aforro de enerxía e a electrificación.

A folla de ruta xa identificaba 45 medidas estratéxicas para acadar os obxectivos, moitas das cales, especialmente as destinadas a facer obrigatorio o tratamento dos residuos orgánicos, aínda non se implementaron. Cómpre sinalar que, tendo en conta os residuos orgánicos que poden xerar biogás e biometano, o estado español é un dos países con maior potencial de produción, só por detrás de países como Francia e Alemaña.

Malia todo este potencial. Este tipo de enerxía non é inocua, e a miúdo presenta problemas ambientais e sociais difíciles de asumir.

Os cheiros provocados polos materiais que forman parte do dixerido, o tráfico provocado polo transporte destes materiais, os lixiviados derivados do tratamento e dixestión, así como as escorrentías de augas contaminadas; sn a miúdo as principais eivas.

A Junta de Castela e León está acometendo un proxecto de lei que limite este tipo de afeccións, e para iso regulará as distancias mínimas entre as plantas de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

biometano e os núcleos de poboación, as distancias que poden percorrer os residuos a dixerar.

Establecerá a súa localización a un mínimo de 1.500 metros das poboacións e outras zonas sensibles. Tamén limitará a capacidade destas plantas e os seus procesos, cun volume máximo de 200.000 toneladas ao ano.

Para unha maior eficiencia e unha menor pegada ambiental, a nova regulación establecerá distancias máximas para o transporte de residuos relacionados coas plantas de biogás. Os residuos líquidos poderán transportarse ata un máximo de 20 quilómetros e, en xeral, ata un máximo total de 50 quilómetros, segundo un documento previo obtido por este xornal.

Para optimizar a xestión dos cheiros producidos polas plantas de biogás, estes estarán limitados por isodores estandarizados. A avaliación do impacto dos cheiros realízase mediante modelos de dispersión que permiten a visualización de isolíneas de cheiros, denominadas isodores, no ambiente que rodea unha instalación.

Tamén se modificará a normativa establecida para a xestión do dixestato xerado tras o proceso de biometanación, e restrinxirase a circulación de camións asociados a estas instalacións, prohibíndolles circular polas zonas urbanas. Polo tanto, requirirase un plan alternativo de circulación de camións nos proxectos.

Diante da chegada de multitude de proxectos de biometano e biogás á Galiza, faise preciso recoller na lexislación medidas semellantes ás que se regulan en Castela e León, adaptadas á realidade galega.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galiza a:

1. Establecer límites entre as plantas de biogás – biometano e núcleos de poboación e/ou vivendas habitadas, así como elementos patrimoniais ou bens naturais nun mínimo de 3.000 metros, e incrementándose proporcionalmente ao volume anual de residuos tratados.
2. Establecer a distancia máxima entre a orixe dos materiais usados na dixestión, e a localización da planta en 20 quilómetros para residuos líquidos , e con carácter xeral a un máximo total de 50 quilómetros. Sempre baixo criterios científicos que non comprometa a viabilidade ambiental da planta de biogás-biometano.
3. Lexislar o sector establecendo unha serie de parámetros que deban cumprir as instalacións en canto aos materiais que entran como aos que saen.
4. Regular a xestión do dixestato xerado despois do proceso de biometanización.
5. Restrinxir a circulación de transporte pesado relacionado con estas instalacións, que non poderán transitar polos cascos urbanos e núcleos de poboación no rural.
6. Limitar a capacidade das plantas de biogás-biometano e os seus procesos de xeito que non sexa preciso transportar os materiais a dixestar en grandes distancias que poñan en perigo o equilibrio ecolóxico da propia planta”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 20/06/2025 11:10:54
Daniel Castro García na data 20/06/2025 11:11:04
Luis Bará Torres na data 20/06/2025 11:12:01
Olalla Rodil Fernández na data 20/06/2025 11:12:08
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 20/06/2025 11:12:16
Paulo Ríos Santomé na data 20/06/2025 11:12:25
Rosana Pérez Fernández na data 20/06/2025 11:12:35
Ariadna Fernández González na data 20/06/2025 11:12:45
Iria Carreira Pazos na data 20/06/2025 11:12:58
José Manuel Golpe Acuña na data 20/06/2025 11:13:09
Secundino Fernández Fernández na data 20/06/2025 11:13:19
Daniel Pérez López na data 20/06/2025 11:13:29
Carmela González Iglesias na data 20/06/2025 11:13:39
Sonia Vidal Lamas na data 20/06/2025 11:13:49
Montserrat Valcárcel Armesto na data 20/06/2025 11:14:01
Óscar Insua Lema na data 20/06/2025 11:14:15
María Montserrat Prado Cores na data 20/06/2025 11:14:33
Ramón Fernández Alfonso na data 20/06/2025 11:14:44
Alexandra Fernández Gómez na data 20/06/2025 11:14:52
Brais Ruanova Vilas-Boas na data 20/06/2025 11:15:02
Mercedes Queixas Zas na data 20/06/2025 11:15:09
Noa Presas Bergantiños na data 20/06/2025 11:15:22
Iago Suárez Fernández na data 20/06/2025 11:15:29
Iria Taibo Corsanego na data 20/06/2025 11:15:36



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/06/2025 11:22:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2025 11:22:20
Nº Rexistro: 27734
Data envío: 20/06/2025 11:22:20.195

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das deputadas e dos deputados Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Roberto Rodríguez Martínez, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, José Alberto Pazos Couñago, Carmen María Pomar Tojo, María Felisa Rodríguez Carrera, Katherinie Varela Fernández, Cristina Sanz Arias, Miguel Fidalgo Iglesias, Miguel Ángel Viso Diéguez, Gonzalo Trenor López, Cecilia Vázquez Suárez e Rubén Lorenzo Gómez, ao abeiro do disposto ao abeiro do disposto nos artigos 98, 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte proposición non de lei para o seu debate **en pleno** pola súa tramitación polo trámite de urxencia

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola gravidade dos feitos acontecidos no ámbito político que esixen un pronunciamento firme en contra da corrupción, das acusacións e presións realizadas fronte á Xustiza e os xornalistas e en apoio da súa independencia.

Exposición de Motivos

Vivimos unha das etapas máis escuras en termos de deterioro institucional e de casos de corrupción. As investigacións xudiciais acurralan, por primeira vez en Democracia, á contorna persoal e política máis próximo do Presidente do Goberno de España, Pedro Sánchez.

A súa muller; o seu irmán; os dous últimos responsables da Secretaría de Organización do PSOE, e polo tanto, os número dous do seu partido; e a persoa que nomeou como Fiscal Xeral do Estado, están inmersos en diferentes dilixencias xudiciais relacionadas con presuntos delitos de corrupción.

Ademais do dano reputacional gravísimo que repercute na máis alta institución executiva do Estado, afóndase nunha situación de crise de confianza nas institucións e na neutralidade institucional sen precedentes na nosa Democracia.

Con todo, lonxe de colaborar coa Xustiza e co esclarecemento dos feitos obxecto de investigación, desde moi diversos ámbitos do Goberno de España, os seus membros e autoridades profiren descualificacións constantes á actividade dos xuíces e tribunais, nun comportamento impropio dun Estado de dereito, democrático e avanzado.

A isto hai que engadir a actitude indulxente de formacións políticas como o BNG, socios de investidura de Pedro Sánchez que, en palabras da súa voceira, Ana Pontón,



acusan á Xustiza de incorrer en lawfare na súa loita contra a corrupción en alusión aos casos que están afectando ao PSOE.

Neste contexto, a Presidenta do Consello Xeral do Poder Xudicial, fixo recentemente un chamamento a autoridades e particulares para recuperar o respecto que merecen os tribunais de xustiza e quen os serve, e reclamou o cesamento de calquera presión ou interferencia no labor xudicial.

Máis aló do contexto nacional xeneralizado de vergoña e despropósito, a situación está provocando unha perda de lexitimidade institucional gravísima, a degradación do marco democrático e a ruptura da confianza cidadá no Executivo e nos representantes que o sustentan, feitos que só poden superarse coa inmediata convocatoria de eleccións xerais.

Con todo, as recentes declaracións de Pedro Sánchez, ademais dun tufo ditatorial, ofrecen unha mensaxe desoladora: admite que non adianta as eleccións porque o pobo non está con el. Dun xeito implícito reconece que ten secuestrada a vontade cidadá co único obxectivo de impedir a alternativa de goberno. Nunca antes un presidente afirmou algo parecido, consciente de que se trata dunha actitude de extrema gravidade nun país democrático como o noso.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia acorda como Resolución:

1º- Amosar o seu rexeitamento expreso á corrupción instalada no seno do PSOE, no Goberno de España e na contorna persoal e política máis próximo ao presidente Pedro Sánchez.

2º- Condenar as acusacións realizadas polos membros do Goberno de España e os seus socios atacando á Xustiza e xornalistas que están destapando as tramas de corrupción que rodean a Pedro Sánchez.

3º- Reclamar a inmediata depuración de responsabilidades políticas derivadas dos casos de corrupción coñecidos nas últimas datas o que debe levar aos socios do PSOE nas distintas institucións á revisión dos acordos de goberno ou de apoio político.

Asemade, ínstate á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que, de xeito urxente, adopte as medidas necesarias para garantir a colaboración activa con todas as instancias xudiciais, parlamentarias e





administrativas que investigan posibles irregularidades na súa xestión, así como solicitar desde o Goberno galego ao presidente do Goberno de España a disolución das Cortes e a inmediata convocatoria das eleccións xerais para permitir que os españois, a través do seu voto, abran un novo tempo político.”

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 20/06/2025 17:54:34
Paula Prado del Rio na data 20/06/2025 17:55:17
Julio García Comesaña na data 20/06/2025 17:55:45
Roberto Rodríguez Martínez na data 20/06/2025 17:56:06
Argimiro Marnotes Fernández na data 20/06/2025 17:56:39
Paula Mouzo Mas na data 20/06/2025 17:56:54
Carmen Pomar Tojo na data 20/06/2025 17:57:12
María Felisa Rodriguez Carrera na data 20/06/2025 17:57:31
Katherinie Varela Fernández na data 20/06/2025 17:57:41
Cristina Sanz Arias na data 20/06/2025 17:58:08
Miguel Fidalgo Iglesias na data 20/06/2025 17:58:22
Miguel Ángel Viso Diéguez na data 20/06/2025 17:58:35
Gonzalo Trenor López na data 20/06/2025 17:58:56,20/06/2025 17:59:39
Cecilia Vázquez Suárez na data 20/06/2025 17:59:57
Rubén Lorenzo Gómez na data 20/06/2025 18:00:15



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 20/06/2025 18:02:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 20/06/2025 18:02:30
Nº Rexistro: 27778
Data envío: 20/06/2025 18:02:30.828

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Rosana Pérez Fernández, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Cristina Fernández Davila, Secundino Fernández Fernández, Alexandra Fernández Gómez, Ariadna Fernández González, Xosé Manuel Golpe Acuña, Carmela González Iglesias, Oscar Insua Lema, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Brais Ruanova Vilas-Boas, Iago Suárez Fernández, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Taibo Corsanego, Montserrat Valcárcel Armesto e Sonia Vidal Lamas**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre a necesidade de cese inmediato do Subdirector Xeral de Inspección e Avaliación do Sistema Educativo e da Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia motívase na necesidade de que a Xunta de Galiza se posicione canto antes en sede parlamentar a respecto da actuación do Subdirector Xeral de Inspección e Avaliación Educativa e da Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 13 de xuño foi publicada a Resolución pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no réxime ordinario no curso académico 2025/26.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Unha Resolución que está asinada pola Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e o máximo responsable da Inspección Educativa é o Subdirector Xeral de Inspección e Avaliación do Sistema Educativo, Enrique Prado Cueva, que ostenta o cargo dende marzo de 2023. Esta Resolución contén medidas para a polémica “neutralidade ideolóxica”, coa finalidade de controlar e censurar as actividades que se realicen nas aulas, nas que en ningún momento se toma como base normativa a lexislación educativa vixente (LOMLOE).

Nestes días, distintos medios de comunicación facíanse eco das publicacións de artigos desta persoa entre os anos 2010 e 2021, interrompidos tras a súa toma de posesión do cargo de Subdirector Xeral. Prado Cueva, o responsable da Inspección e quen exige agora ao profesorado unha neutralidade ideolóxica nas actividades a realizar nas aulas, demostra ser unha persoa de firmes conviccións ideolóxicas puramente reaccionarias, ultraespañolistas, contrarias ao pluralismo político, ideolóxico e pedagóxico. Este posicionamento queda reflectido nos seus artigos que poden atoparse en calquera buscador de internet.

Os seus textos son unha mostra de posicións ideolóxicas que apostan pola ilegalización de partidos independentistas e nacionalistas e as loas a VOX na defensa da nación española. Non se esquece do estudantado, que non merece ter dereito á folga, ou do profesorado, referíndose a este colectivo como “unha nova clase ociosa de funcionarios”.

A Consellería de Educación non pode permitir que o Subdirector Xeral de Inspección e Avaliación Educativa, continúe no cargo para o que foi nomeado. É inadmisíble que a persoa responsable da coordinación das Inspeccións Provinciais e de avaliar o desenvolvemento da educación neste País mostre unha ideoloxía que é incompatible coa defensa do ensino público galego e cos valores democráticos.

Non parece digno dun conselleiro de Educación saír nos medios con declaracións que respaldan a unha persoa que realiza este tipo de posicionamento ideolóxico, en tanto que Román Rodríguez xustifica a súa inacción de non cesalo de xeito inmediato, dicindo





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

que «Tanto dereito ten un a ser nacionalista como a non selo, e non podemos prantexar represalias porque un funcionario público non comulgue cos meus pensamentos». Mais, o que pretende facer o conselleiro é desviar a atención porque o debate non vai de ser ou non nacionalista, senon que vai de escoller a defensa dos valores democráticos e de pluralismo político ou atacalos; así como tamén entre defender o ensino público e o profesorado ou cargar contra el.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno polo trámite de urxencia:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1.- Cesar de xeito inmediato ao Subdirector Xeral de Inspección e Avaliación Educativa, por manter publicamente comentarios reaccionarios ultras, así como da persoa que apoia a súa actitude e de quen depende xerarquicamente, a Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, asinante da Resolución que dita as instrucións para o vindeiro curso escolar 2025/26.

2.- Retirar as instrucións da Consellería de Educación para o vindeiro curso escolar, convocando de xeito inmediato unha Mesa Sectorial para negociar toda a normativa educativa necesaria na actualidade.

Asemade, o Parlamento acorda reprobar a actuación do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP polas súas desafortunadas declaracións sobre a normativa de control ideolóxico e pola súa defensa das posicións reaccionarias e de ultradereita do subdirector xeral de Inspección e Avaliación Educativa.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 23/06/2025 12:44:34
Daniel Castro García na data 23/06/2025 12:44:46
Luis Bará Torres na data 23/06/2025 12:44:54
Olalla Rodil Fernández na data 23/06/2025 12:45:01
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 23/06/2025 12:45:11
Paulo Ríos Santomé na data 23/06/2025 12:45:19
Rosana Pérez Fernández na data 23/06/2025 12:45:26
Ariadna Fernández González na data 23/06/2025 12:45:33
Iria Carreira Pazos na data 23/06/2025 12:45:43
Secundino Fernández Fernández na data 23/06/2025 12:45:52
José Manuel Golpe Acuña na data 23/06/2025 12:46:01
Daniel Pérez López na data 23/06/2025 12:46:11
Carmela González Iglesias na data 23/06/2025 12:46:19
Sonia Vidal Lamas na data 23/06/2025 12:46:27
Montserrat Valcárcel Armesto na data 23/06/2025 12:46:34
Óscar Insua Lema na data 23/06/2025 12:46:41
María Montserrat Prado Cores na data 23/06/2025 12:46:48
Alexandra Fernández Gómez na data 23/06/2025 12:46:59
Brais Ruanova Vilas-Boas na data 23/06/2025 12:47:09
Mercedes Queixas Zas na data 23/06/2025 12:47:17
Cristina Fernández Davila na data 23/06/2025 12:47:23
Noa Presas Bergantiños na data 23/06/2025 12:47:33
Iago Suárez Fernández na data 23/06/2025 12:47:39
Iria Taibo Corsanego na data 23/06/2025 12:47:48



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 23/06/2025 12:59:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/06/2025 12:59:12
Nº Rexistro: 27790
Data envío: 23/06/2025 12:59:12.799

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2025 09:37:10
Nº Rexistro: 27356
Data envío: 13/06/2025 09:37:10.881

Asinado o día 13/06/2025 ás 09:36
Por Luis Bará Torres

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Oscar Insua Lema e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a dotación de espazos para enterramentos conforme aos criterios das confesións relixiosas minoritarias con maior arraigamento na Galiza.

Asinado o día 13/06/2025 ás 09:36
Por Oscar Insua Lema

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza, como parte dunha sociedade plural e diversa, caracterízase por unha crecente heteroxeneidade cultural e relixiosa, froito tanto da súa historia como dos movementos migratorios e da globalización.

Se ben o catolicismo foi tradicionalmente a confesión relixiosa maioritaria na nosa comunidade, nas últimas décadas observouse un aumento da presenza de persoas pertencentes a outras crenzas relixiosas, como o islam, o xudaísmo, o protestantismo, o budismo ou outras minorías relixiosas, así como dun número significativo de persoas que non profesan ningunha relixión.

Esta diversidade require unha adaptación das políticas públicas para garantir o respecto aos dereitos fundamentais, en particular o dereito á igualdade e a liberdade ideolóxica, relixiosa e de culto.

O enterramento das persoas falecidas constitúe un momento de especial relevancia para as familias e comunidades, no que se manifestan as conviccións persoais, ideolóxicas, relixiosas e culturais. As distintas confesións teñen ritos e costumes funerarias específicas, que poden incluír orientacións particulares das sepulturas, rituais de despedimento ou requirements para o tratamento dos restos mortais. Así, cada vez

Asinado o día 13/06/2025 ás 09:36
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

máis persoas dispoñen da posibilidade de optar por cerimoniais ou espazos que respondan as súas preferencias. Porén, en moitos cemiterios galegos, a maioría de xestión municipal, a infraestrutura e os protocolos están deseñados principalmente para os ritos católicos, o que pode dificultar ou incluso impedir que outras comunidades relixiosas ou persoas non relixiosas poidan exercer os seus dereitos en condicións de igualdade.

A creación de espazos diferenciados nos cemiterios para acoller enterramentos conforme ás distintas crenzas ou preferencias non só responde a unha obriga xurídica, senón que tamén promove a cohesión social e o respecto pola diversidade. A normativa vixente exige a non discriminación por razóns de relixión, para o que os poderes públicos deben adoptar as medidas necesarias para facilitar o exercicio deste dereito, previsión que ten a súa continuidade no ámbito local permitindo aos concellos adaptaren os cemiterios municipais para que podan atender estas necesidades, sempre respectando os requisitos urbanísticos e de saúde pública.

Distintas Comunidades e Estados Europeos demostran que a habilitación de espazos específicos para enterramentos de diversas confesións relixiosas é unha práctica viable e enriquecedora. Por exemplo, en cidades como Barcelona ou Madrid existen parcelas destinadas a comunidades musulmás, xudías ou evanxélicas, así como áreas neutras para cerimoniais laicas.

En Galiza, a pesar dos distintos acordos parlamentares, a oferta de espazos adaptados segue sendo limitada, o que pode xerar situacións de desigualdade ou mesmo exclusión para determinadas comunidades.

A Xunta de Galiza, en colaboración cos concellos, ten a oportunidade de liderar unha iniciativa que garanta o respecto á diversidade relixiosa e cultural no ámbito funerario. Esta proposta non só responde a unha demanda social crecente, senón que tamén reforza o compromiso de Galiza coa defensa dos dereitos das persoas e a promoción dunha sociedade inclusiva. A creación de espazos adecuados nos cemiterios,





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

acompañada de campañas de sensibilización, contribuirá a que todas as persoas, independentemente das súas crenzas, poidan despedir aos seus seres queridos dunha maneira digna e respectuosa coas súas conviccións.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a impulsar coa representación da Fegamp un acordo para establecer fórmulas e prazos concretos para a creación de cemiterios de carácter supramunicipal no que atender a demanda de enterramentos conforme aos criterios das confesións relixiosas minoritarias con maior arraigamento na Galiza, no marco da normativa xeral e sectorial.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 13/06/2025 9:36:04

Óscar Insua Lema na data 13/06/2025 9:36:18

Luis Bará Torres na data 13/06/2025 9:36:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2025 09:37:10
Nº Rexistro: 27356
Data envío: 13/06/2025 09:37:10.881

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/06/2025 9:37:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2025 09:37:10
Nº Rexistro: 27356
Data envío: 13/06/2025 09:37:10.881

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Miguel Fidalgo Iglesias, Jesús María Fernández Rosende, María Deza Martínez, Dolores Hermelo Piñeiro, Patricia García González, Paula Mouzo Más, María Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en pleno**.

Exposición de Motivos:

Segundo información da flota atuneira agrupada na OPAGAC a flota atuneira no atlántico perden un 38 % dos seus buques, ao tempo que reducen a súas capturas fronte ás asiáticas que ven como crecen ata un 68 %.

A tendencia de importar atún de flotas asiáticas que non cumpren cos estándares de sustentabilidade europeos pon en risco o modelo europeo de pesca responsable, que desde os anos 60 do século pasado contribuíu á conservación dos recursos mariños e ao desenvolvemento socioeconómico das comunidades pesqueiras.

A flota atuneira española, recoñecida polo seu compromiso coa pesca responsable, logrou que máis do 30 % das súas capturas estean certificadas polo Marine Stewardship Council (MSC), superando a media mundial do 19,3 %. Con todo, a crecente importación de atún de flotas asiáticas que non cumpren cos estándares europeos ameaza este modelo. Estas importacións poden desprazar ao atún capturado por buques comunitarios, afectando tanto a sustentabilidade ambiental como a estabilidade do emprego nas comunidades pesqueiras.

Ademais das preocupacións medioambientais, existen serias inquietudes sobre as condicións laborais nas flotas asiáticas. A Organización Internacional do Traballo (OIT) estima que 128.000 persoas se atopan en situación de escravitude moderna a bordo de buques pesqueiros, especialmente en flotas do sueste asiático. En contraste, a flota atuneira española obtivo o certificado Atún de Pesca Responsable (APR) AENOR, que asegura o cumprimento dos dereitos laborais conforme ao Convenio 188 da OIT.

Asemade, as capturas da flota do cerco no atlántico pasaron no ano 2016 de 118.226 toneladas a 90.321 toneladas no 2022, vándose reducida a flota pesqueira de 21 a 13 buques (7 Españóis). Outro dato mais, entre os anos 2016 e 2024 rexistrouse un descenso en capturas como indicabamos ao inicio da iniciativa dun 38 % no mesmo





período de tempo en contraposición a por exemplo, Ghana que viu incrementado as súas capturas totais, como por exemplo do no caso do patudo (un 151%).

Para protexer o modelo europeo de pesca responsable, a flota atuneira española propón que a certificación APR se converta nun estándar para as importacións de atún na UE. Esta iniciativa busca garantir que todos os produtos pesqueiros comercializados en Europa proveñan de flotas que respecten os dereitos humanos e as prácticas sostibles.

Ademais, a flota española logrou que o 87 % das poboacións de atún se exploten de maneira sostible, contribuíndo significativamente á seguridade alimentaria global. Con todo, para manter estes logros, é crucial que a UE implemente políticas que exclúan explicitamente os produtos de atún de baixo estándar e que manteñan regras estritas de orixe nos acordos comerciais.

Ante toda esta situación a OPAGAC solicita da UE unha defensa firme dos buques atuneiros comunitarios para frear o aumento progresivo do desprazamento dos seus caladoiros tradicionais no Atlántico Oriental fronte ao avance de flotas como a asiáticas que non cumpren os estándares de calidade e sostibilidade que a UE exige.

Polo exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta ao Xunta de Galicia para demandar ao Goberno de España que requira da Unión Europea a firme defensa da Flota de caladoiros tradicionais do Atlántico noroeste da man das asociacións vinculadas aos sector e reforte as súas políticas para protexer tanto o medio ambiente como os dereitos laborais, garantindo así un modelo pesqueiro sostible e xusto para as xeracións futuras”.

Santiago de Compostela, a 13 de xuño 2025.



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 13/06/2025 10:55:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2025 10:56:03
Nº Rexistro: 27360
Data envío: 13/06/2025 10:56:03,979

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/06/2025 10:56:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2025 10:56:03
Nº Rexistro: 27360
Data envío: 13/06/2025 10:56:03,979

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **María Deza Martínez, Carmen Pomar Tojo, José Luis Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Cando se cumpren dous anos da entrada en vigor da Lei 12/2023, do 24 de maio, polo Dereito á Vivenda, promovida polo Goberno de España, os seus efectos sobre o mercado de alugueiro son claramente contraproducentes.

Esta norma, de marcado carácter intervencionista, supuxo unha grave distorsión no funcionamento do mercado. En lugar de facilitar o acceso á vivenda, a lei estatal provocou a redución da oferta dispoñible, o encarecemento das rendas e unha fonda inseguridade xurídica para propietarios e inquilinos.

En Galicia, segundo os datos de fianzas depositadas no IGVS, o importe do alugueiro situouse en 2024 nos 553,7 euros ao mes de media e nos 5,38 euros por metro cadrado. Subiron un 8% respecto de 2023. Desde 2021, o crecemento acelerouse notablemente, superando o 5% anual durante tres anos consecutivos (2022-2024).

A presión da demanda é crecente, mentres o número de inmobles en alugueiro non deixa de diminuír. Esta realidade está a dificultar a emancipación da mocidade e o acceso á vivenda das familias galegas.

O modelo de vivenda que promove a lei estatal veuse a demostrar claramente ineficaz. Pretende resolver os problemas mediante imposicións e limitacións, coma os controis de prezos ou a declaración de zonas tensionada, que afondan na desconfianza dos propietarios e reducen a dispoñibilidade de vivenda.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado o día 13/06/2025 ás
11:00
Por Alberto Pazos Couñago





Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que solicite ao Goberno de España:

- 1.- Revisar de forma inmediata a Lei 12/2023, polo Dereito á Vivenda, para corrixir os efectos negativos que está a provocar no mercado do alugueiro, tanto en Galicia como no conxunto de España.
- 2.- Reclamar a eliminación das disposicións que habilitan a declaración de zonas tensionadas e os límites aos prezos do alugueiro, por considerar que estas medidas están a xerar unha contracción da oferta e un incremento das rendas.
- 3.- Promover medidas que incentiven o alugueiro a través da seguridade xurídica, a estabilidade fiscal e a cooperación co sector privado, favorecendo a construción e mobilización de vivenda sen recorrer á intervención do mercado.

Asemade, insta á Xunta de Galicia a afondar no compromiso co acceso á vivenda das familias galegas, mediante políticas propias baseadas no rigor, na responsabilidade e na eficacia, como xa se está a facer con programas de axudas ao alugueiro, execución de vivenda pública e mobilización de inmobles baleiros.”

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 13/06/2025 11:00:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2025 11:01:34
Nº Rexistro: 27363
Data envío: 13/06/2025 11:01:34.190

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/06/2025 11:01:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2025 11:01:34
Nº Rexistro: 27363
Data envío: 13/06/2025 11:01:34.190

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2025 11:02:22
Nº Rexistro: 27365
Data envío: 13/06/2025 11:02:22.419

Asinado o día 13/06/25
11:00
Por Luis Bará Torres

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luís Bará Torres**, **Brais Ruanova Vilas-Boas** e da deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a creación de solo empresarial na área de Pontevedra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O parque empresarial do Campiño está ao límite da súa total ocupación nestes momentos e os parques de Curro e A Reigosa teñen un nivel moi alto, polo que a posibilidade de crecemento de solo está “practicamente estrangulada”.

A execución da ampliación do Campiño é un proxecto que estivo paralizado durante dez anos, período no que non se atenderon as demandas de dotación de solo empresarial formuladas polo concello de Pontevedra e se incumpriron as previsións do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais na comunidade autónoma de Galicia (PSOAEG), que cualificou como estratéxicas para o período 2025-2024 a ampliación do Campiño e o creación do parque empresarial de Fragamoreira en Poio. No caso do Campiño, a previsión era desenvolver a ampliación nunha superficie de 342.215 m² (205.329 m² de superficie neta).

En febreiro de 2023 o concello de Pontevedra remitiu un escrito á Xunta coa “Solicitud de desenvolvemento da área empresarial de carácter estratéxico prevista no PSOAEG denominada “Nova Delimitación PS11-Ampliación do PE do Campiño, para atender a demanda de solo empresarial na área urbana de Pontevedra”.

Neste documento sinálanse entre outras as seguintes motivacións:

Asinado o día 13/06/2025 ás
11:00
Por Alexandra Fernández Gómez

Asinado o día 13/06/2025 ás
10:59
Por Brais Ruanova Vilas-Boas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“cómpre ponderar que o parque empresarial do Campiño está tecnicamente ao límite de ocupación e que os parques de Outeda-Curro -xestionado pola Deputación- e o Parque empresarial da Reigosa en Ponte Caldelas, teñen unha ocupación bastante elevada (só 19 e 13 parcelas dispoñíbeis, respectivamente), polo que tras descartar a Xunta no devandito Plan e incluso o Estado, a plataforma loxística intermodal/empresarial no lugar de Leborei, na parroquia de San Vicente de Cerponzóns, en terreos que ocupaban una superficie aproximada de 43 hectáreas, podemos vernos nun período relativamente curto de poucos anos nunha situación de estrangulamento na oferta de solo”.

A Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) vén de ditar varias sentenzas nas que anula a autorización administrativa do parque eólico do Sobredo, no concello de Arbo.

Segundo recolle o fallo xudicial, concorren indicios suficientes da presenza de valores ambientais significativos nos emprazamentos afectados, os cales ficarían expostos a un dano ambiental grave pola execución dos proxectos.

Ademais, a Sala sinala que a Xunta fixo caso omiso dos informes emitidos polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITECO), os cales desaconsellaban claramente a autorización destes parques por razóns ambientais, e non por motivos económicos.

Estes feitos revelan unha actuación por parte da administración autonómica contraria aos principios de precaución ambiental, avaliación rigorosa e respecto institucional entre administracións públicas.

Resulta inadmisíbel que, nun contexto de emerxencia climática e perda acelerada de biodiversidade, se autoricen proxectos industriais de alto impacto sen garantir previamente a súa compatibilidade cos valores ambientais do territorio.

Asinado o día 18/06/2025 ás 12:19
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 18/06/2025 ás 12:18
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

91786

28071 Madrid

Por José Ramón Gómez Besteiro

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/06/2025 12:21:39
Nº Rexistro: 27585
Data envío: 18/06/2025 12:21:39.797

A aposta polas enerxías renovables debe facerse cunha planificación ordenada, transparente, participativa e sostible, que respecte os espazos naturais, o patrimonio cultural e o tecido social e económico do medio rural galego.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

1. Asumir responsabilidades políticas pola autorización do parque eólico de O Sobredo, malia contar con informes ambientais negativos do MITECO.
2. Establecer mecanismos de cautela máis rigorosos e transparentes na avaliación ambiental de futuros proxectos enerxéticos, nos que se emitan informes sectoriais desfavorables doutras administracións competentes; informes desfavorables na fase de información pública, ou se inclúan proxectos en territorios incluídos en zonas non aptas de sensibilidade ambiental.
3. Valorar a suspensión ou a modificación na tramitación de novos proxectos eólicos nos que se detecten indicios de afectación grave ao medio ambiente ou discrepancias coas valoracións do MITECO ou outros organismos sectoriais

Santiago de Compostela, a 18 de xuño do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

91787

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 18/06/2025 12:18:55

Elena Espinosa Mangana na data 18/06/2025 12:19:02

Carlos López Font na data 18/06/2025 12:19:09

Lara Méndez López na data 18/06/2025 12:19:18

José Ramón Gómez Besteiro na data 18/06/2025 12:19:25



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/06/2025 12:21:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/06/2025 12:21:39
Nº Rexistro: 27585
Data envío: 18/06/2025 12:21:39.797

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/06/2025 12:55:18
Nº Rexistro: 27590
Data envío: 18/06/2025 12:55:18.093

Asinado o día 18/06/2025 ás 12:45
Por Lara Méndez Lóp

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Patricia Iglesias Rey, Paloma Castro Rey e Lara Méndez López**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) vén de ditar varias sentenzas nas que anula a autorización administrativa do parque eólico de Monte Xesteiros, na Estrada.

Segundo recolle o fallo xudicial, concorren indicios suficientes da presenza de valores ambientais significativos nos emprazamentos afectados, os cales ficarían expostos a un dano ambiental grave pola execución dos proxectos.

Ademais, a Sala sinala que a Xunta fixo caso omiso dos informes emitidos polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITECO), os cales desaconsellaban claramente a autorización destes parques por razóns ambientais, e non por motivos económicos.

Estes feitos revelan unha actuación por parte da administración autonómica contraria aos principios de precaución ambiental, avaliación rigorosa e respecto institucional entre administracións públicas.

Resulta inadmisíbel que, nun contexto de emerxencia climática e perda acelerada de biodiversidade, se autoricen proxectos industriais de alto impacto sen garantir previamente a súa compatibilidade cos valores ambientais do territorio.

Asinado o día 18/06/2025 ás 12:44
Por Paloma Castro Rey

Asinado o día 18/06/2025 ás 12:44
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

91790

28071 Madrid





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/06/2025 12:55:18
Nº Rexistro: 27590
Data envío: 18/06/2025 12:55:18.093

A aposta polas enerxías renovables debe facerse cunha planificación ordenada, transparente, participativa e sostible, que respecte os espazos naturais, o patrimonio cultural e o tecido social e económico do medio rural galego.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

1. Asumir responsabilidades políticas pola autorización do parque eólico de Monte Xesteiros, malia contar con informes ambientais negativos do MITECO.
2. Establecer mecanismos de cautela máis rigorosos e transparentes na avaliación ambiental de futuros proxectos enerxéticos, nos que se emitan informes sectoriais desfavorables doutras administracións competentes; informes desfavorables na fase de información pública, ou se inclúanos proxectos en territorios incluídos en zonas non aptas de sensibilidade ambiental.
3. Valorar a suspensión ou a modificación na tramitación de novos proxectos eólicos nos que se detecten indicios de afectación grave ao medio ambiente ou discrepancias coas valoracións do MITECO ou outros organismos sectoriais.

Santiago de Compostela, a 18 de xuño do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

91791

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 18/06/2025 12:44:13

Paloma Castro Rey na data 18/06/2025 12:44:54

Lara Méndez López na data 18/06/2025 12:45:02

José Ramón Gómez Besteiro na data 18/06/2025 12:45:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/06/2025 12:55:18
Nº Rexistro: 27590
Data envío: 18/06/2025 12:55:18.093

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/06/2025 12:55:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/06/2025 12:55:18
Nº Rexistro: 27590
Data envío: 18/06/2025 12:55:18.093

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/06/2025 13:26:21
Nº Rexistro: 27595
Data envío: 18/06/2025 13:26:21.225

Asinado o día 18/06/2025 ás 13:24
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Patricia Iglesias Rey** e **Lara Méndez López**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Sección Terceira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) vén de ditar varias sentenzas nas que anula a autorización administrativa do parque eólico de Patiño, en Vimianzo.

Segundo recolle o fallo xudicial, concorren indicios suficientes da presenza de valores ambientais significativos nos emprazamentos afectados, os cales ficarían expostos a un dano ambiental grave pola execución dos proxectos.

Ademais, a Sala sinala que a Xunta fixo caso omiso dos informes emitidos polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (MITECO), os cales desaconsellaban claramente a autorización destes parques por razóns ambientais, e non por motivos económicos.

Estes feitos revelan unha actuación por parte da administración autonómica contraria aos principios de precaución ambiental, avaliación rigorosa e respecto institucional entre administracións públicas.

Resulta inadmisíbel que, nun contexto de emerxencia climática e perda acelerada de biodiversidade, se autoricen proxectos industriais de alto impacto sen garantir previamente a súa compatibilidade cos valores ambientais do territorio.

A aposta polas enerxías renovables debe facerse cunha planificación ordenada, transparente, participativa e sostible, que respecte os espazos

Asinado o día 18/06/2025 ás 13:24
Por Lara Méndez López

Asinado o día 18/06/2025 ás 13:24
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

91794

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/06/2025 13:26:21
Nº Rexistro: 27595
Data envío: 18/06/2025 13:26:21.225

naturais, o patrimonio cultural e o tecido social e económico do medio rural galego.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

1. Asumir responsabilidades políticas pola autorización do parque eólico de Patiñeiro, malia contar con informes ambientais negativos do MITECO.
2. Establecer mecanismos de cautela máis rigorosos e transparentes na avaliación ambiental de futuros proxectos enerxéticos, nos que se emitan informes sectoriais desfavorables doutras administracións competentes; informes desfavorables na fase de información pública, ou se inclúanos proxectos en territorios incluídos en zonas non aptas de sensibilidade ambiental.
3. Valorar a suspensión ou a modificación na tramitación de novos proxectos eólicos nos que se detecten indicios de afectación grave ao medio ambiente ou discrepancias coas valoracións do MITECO ou outros organismos sectoriais

Santiago de Compostela, a 18 de xuño do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

91795

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 18/06/2025 13:24:38

Lara Méndez López na data 18/06/2025 13:24:46

José Ramón Gómez Besteiro na data 18/06/2025 13:24:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/06/2025 13:26:21
Nº Rexistro: 27595
Data envío: 18/06/2025 13:26:21.225

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/06/2025 13:26:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/06/2025 13:26:21
Nº Rexistro: 27595
Data envío: 18/06/2025 13:26:21.225

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 27601
Data envío: 18/06/2025 14:17:19.077

Asinado o día 18/06/2025 ás 13:59
Por Alberto Pazos Co

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados, e ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei** no Pleno, **en defensa do Estado democrático e de dereito**.

Exposición de Motivos

Por primeira vez na nosa Democracia o entorno persoal e político máis próximo do Presidente do Goberno de España está a ser obxecto de investigación desde a Xustiza pola comisión de presuntos delitos relacionados coa corrupción e o abuso do poder.

-Sobre a súa dona, Begoña Gómez, están a practicarse dilixencias penais relacionadas co tráfico de influencias, corrupción nos negocios, apropiación indevida e intrusión. Ademais, un recente auto xudicial da Audiencia de Madrid testemuñaba que “ofrecía a súa influencia como esposa do presidente para vender favores a cambio de recibir contraprestacións”

-Sobre o seu irmán, David Sánchez, recae auto de procesamento dun xulgado de Extremadura, que investiga delitos de prevaricación administrativa e tráfico de influencias tras a creación e adxudicación dunha praza pública nunha administración controlada polo PSOE. A maxistrada considera que o irmán do presidente conseguiu un posto de alta dirección “sen un proceso xusto e transparente” e que “existen indicios sólidos de que o posto se creou para el, simulando a legalidade do procedemento”

-Sobre os que eran os *números dous* do seu partido, os responsables da secretaria de organización do PSOE, Jose Luís Ábalos e Santos Cerdán, estreitos colaboradores do presidente do Goberno, a investigación xudicial pretende esclarecer a súa pertenza a unha trama de subornos, *mordidas* e adxudicacións públicas irregulares, no seo de distintos ministerios e, en particular, no de Transportes e Mobilidade Sostible.

-Dun modo insólito, nun país da Unión Europea, tras as dilixencias iniciadas polo Tribunal Superior de Xustiza de Madrid e proseguídas na Sala Segunda do Tribunal Supremo, o Fiscal Xeral do Estado, Álvaro García Ortiz, atópase ao bordo do xuízo oral pola comisión dun presunto delito no exercicio das súas funcións, en concreto o de revelación de segredos e, a pesar da gravidade destes feitos, continúa no seu cargo co respaldo absoluto do Goberno.

Asinado o día 18/06/2025 ás 13:59
Por Miguel Ángel Viso Diéguez

Asinado o día 18/06/2025 ás 13:59
Por Alfonso Rueda Valenzuela

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Como calquera cidadán, todas estas persoas gozan do dereito á presunción de inocencia, pero ese dereito individual nada ten que ver co feito de que a solidez dos indicios achegados polas dilixencias xudiciais practicadas ata o momento, nas distintas causas, representen un dano reputacional gravísimo que repercute na máis alta institución executiva do Estado.

Con todo, lonxe de colaborar coa Xustiza e co esclarecemento dos feitos obxecto de investigación, desde moi diversos ámbitos do Goberno de España, os seus membros e autoridades profiren descualificacións constantes sobre a actividade dos xuíces e tribunais, nun comportamento impropio dun Estado de dereito, democrático e avanzado.

A isto hai que engadir a actitude indulxente de formacións políticas como o BNG, socios de investidura de Pedro Sánchez que, en palabras da súa voceira, Ana Pontón, acusan á Xustiza de incorrer en *lawfare* na súa loita contra a corrupción en alusión aos casos que están afectando ao PSOE.

Preocupada por esta realidade, a Presidenta do Consello Xeral do Poder Xudicial, fixo recentemente un chamamento a autoridades e particulares para recuperar o respecto que merecen os tribunais de xustiza e quen os serve, e reclamou o cesamento de calquera presión ou interferencia no labor xudicial.

A todo isto hai que sumar que desde o Goberno de España se promove unha reforma lexislativa -a das Leis orgánicas do Poder Xudicial, e do Estatuto Orgánico do Ministerio Fiscal- que representan un retroceso ao Estado de dereito; cerna a independencia xudicial, promove o acceso arbitrario ás carreiras xudicial e fiscal, non respecta os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade e son rexeitadas pola maioría de xuíces e fiscais

Resulta inaudito ter que lembrar que o principio de separación de poderes é consubstancial ao Estado democrático de dereito e configúrase como un sistema de contrapesos para evitar a concentración e proscribir a posibilidade de calquera forma de goberno totalitario. Do anterior conclúese un principio básico e esencial en democracia: todos os cidadáns, incluíndo —ou moi especialmente o Goberno—, deben respecto á separación de poderes, á independencia dos xuíces e tribunais e ás decisións que emanan de todos os órganos xurisdiccionais.

Con todo, algo tan obvio e interiorizado hai décadas na sociedade democrática do noso país está a ser quebrantado por quen ten a obriga de ser exemplar nas súas condutas e as súas declaracións: o presidente do Goberno, os seus membros, o seu partido e os grupos parlamentarios que o apoian.





Independencia, imparcialidade e neutralidade das institucións constitúen valores fundamentais do noso sistema democrático que debemos preservar dos poderes políticos e das pulsións totalitarias dos gobernantes, principios que, ademais, hai que fortalecer para previr esas ameazas. Calquera outro comportamento socava a confianza dos cidadáns nas institucións democráticas que nos deu a Constitución.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia acorda como resolución

1º.- Reiterar a súa defensa e apoio do Estado democrático e de dereito, que implica o máximo respecto á independencia do Poder Xudicial e a necesidade de absterse de dar indicacións instrucións ou presionar a xuíces e maxistrados sobre como se debe interpretar e aplicar o ordenamento xurídico, co obxectivo de beneficiar ás persoas da contorna do Presidente do Goberno, así como a urxente necesidade de cesar os ataques a xuíces e maxistrados.

2º.- Rexear calquera manifestación realizada polas forzas políticas galegas cualificando de *lawfare* as actuacións levadas a cabo pola Xustiza para perseguir a corrupción política.

Asemade insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que retire o Proxecto de Lei Orgánica pola que se modifica a Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, e a Lei 50/1981, do 30 de decembro, pola que se regula o Estatuto Orgánico do Ministerio Fiscal, xa que constitúe un retroceso ao Estado de dereito; cerna a independencia xudicial, promove o acceso arbitrario ás carreiras xudicial e fiscal, non respecta os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade e é rexeitado pola maioría de xuíces e fiscais.”

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alfonso Rueda Valenzuela na data 18/06/2025 13:59:18
Miguel Ángel Viso Diéguez na data 18/06/2025 13:59:40,18/06/2025 14:12:38
Alberto Pazos Couñago na data 18/06/2025 13:59:55
Paula Prado del Rio na data 18/06/2025 14:00:42
Julio García Comesaña na data 18/06/2025 14:01:35
Cristina Sanz Arias na data 18/06/2025 14:01:54
Román Rodríguez González na data 18/06/2025 14:02:14
Maria Magdalena Perez Millares na data 18/06/2025 14:02:25
Juan Manuel Casares Gándara na data 18/06/2025 14:02:35
Paula Mouzo Mas na data 18/06/2025 14:02:45
Enrique Barreiro Sánchez na data 18/06/2025 14:02:57
Gonzalo Trenor López na data 18/06/2025 14:03:08
Roberto Rodríguez Martínez na data 18/06/2025 14:03:17
Ethel Vázquez Mourelle na data 18/06/2025 14:03:27
Dolores Hermelo Piñeiro na data 18/06/2025 14:03:37
Diego Calvo Pouso na data 18/06/2025 14:03:49
Katherinie Varela Fernández na data 18/06/2025 14:04:05
Miguel Fidalgo Iglesias na data 18/06/2025 14:04:17
Ángel Rodríguez Conde na data 18/06/2025 14:04:34
Patricia García González na data 18/06/2025 14:04:46
Elena Candia López na data 18/06/2025 14:05:09
Raúl Santamaría González na data 18/06/2025 14:05:23
María Encarnación Amigo Díaz na data 18/06/2025 14:06:01
Borja Vereja Fraiz na data 18/06/2025 14:06:28
Cecilia Vázquez Suárez na data 18/06/2025 14:06:41
Cristina Campero Dorado na data 18/06/2025 14:07:00
José Luis Ferro Iglesias na data 18/06/2025 14:08:58
Jesús María Fernández Rosende na data 18/06/2025 14:09:38
Raquel Arias Rodríguez na data 18/06/2025 14:09:53
Nicole Grueira Fernández na data 18/06/2025 14:10:14
Víctor Baladrón Lamas na data 18/06/2025 14:10:34
Argimiro Marnotes Fernández na data 18/06/2025 14:10:53
Rubén Lorenzo Gómez na data 18/06/2025 14:11:05
José Mato Díaz na data 18/06/2025 14:11:22
Carmen Pomar Tojo na data 18/06/2025 14:11:34
Manuel Santos Costa na data 18/06/2025 14:11:45
María Felisa Rodriguez Carrera na data 18/06/2025 14:11:58
Noelia Pérez López na data 18/06/2025 14:12:10
María Deza Martínez na data 18/06/2025 14:12:21



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/06/2025 14:17:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 27601
Data envío: 18/06/2025 14:17:19.077

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **María Deza Martínez, Cristina Campero Dorado, José Luis Ferro Iglesias, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Carmen Pomar Tojo, Roberto Rodríguez Martínez, Gonzalo Trenor López e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A Sociedade de Xestión de Activos procedentes da Reestruturación Bancaria (SAREB), dependente do Ministerio de Economía, Comercio e Empresa, foi creada coa finalidade de xestionar activos inmobiliarios problemáticos das entidades bancarias rescatadas con fondos públicos. Estes activos, en gran parte adquiridos con diñeiro da cidadanía, inclúen miles de vivendas que, en moitos casos, o Estado está alleando no sector privado fóra do circuíto público de vivenda protexida.

Segundo a información facilitada pola Secretaría de Estado de Relacións coas Cortes e Asuntos Constitucionais a unha pregunta parlamentaria formulada polo deputado do BNG, Néstor Rego, a SAREB dispón actualmente de 1.756 vivendas en Galicia, así como 2.654 solos.

A repartición territorial destas propiedades evidencia un volume significativo na Coruña (máis de 1.000 vivendas), seguido de Pontevedra (ao redor de 400), Lugo (menos de 200) e Ourense (case unha vintena).

Conscientes da evolución do mercado da vivenda, da falla de financiamento por parte de entidades financeiras, da inflación e da ausencia de plans estatais nesta materia, a Xunta puxo en marcha un ambicioso plan con dous obxectivos fundamentais para a presente lexislatura: En primeiro lugar, duplicar o número de vivendas públicas nesta lexislatura ata chegar ás 8.000; en segundo lugar, desenvolver solo para 25.000 novas vivendas, 20.000 delas protexidas e 5.000 libres.

Asinado o día 18/06/2025 ás
16:08
Por Alberto Pazos Couñago



A cesión gratuíta á Xunta dos bens da SAREB situados en Galicia permitiría ampliar de forma inmediata o parque público de vivenda, destinándoas a alugueiro social ou a programas de acceso á vivenda protexida, e xestionalas desde unha lóxica de servizo público en lugar de especulación financeira.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reclamar resposta urxente do Goberno de España ás reiteradas solicitudes de cesión gratuíta e definitiva das vivendas e solos propiedade da Sociedade de Xestión de Activos procedentes da Reestruturación Bancaria (SAREB) situados en Galicia, có fin de destinalos a políticas públicas de vivenda”.

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 18/06/2025 16:08:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 27606
Data envío: 18/06/2025 16:10:12.128

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/06/2025 16:10:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 27606
Data envío: 18/06/2025 16:10:12.128

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Encarna Amigo Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Casares Gándara, Nicole Grueira Fernández, José M. Mato Díaz, Angel Rodríguez Conde, Cecilia Vázquez Suárez e Miguel A. Viso Diéguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

A Escola de Alta Montaña da Pena do Pico de Becerreá, a única dos Ancares que ofrece formación profesional, pertence á Axencia Galega da Calidade Alimentaria da Consellería de Medio Rural.

Non é un centro de formación calquera, xa que imparte as clases de maneira totalmente práctica nas súas instalacións. Contan cunha leira de 75 hectáreas, unha explotación de demostración de vacas louras, cabalos galegos, e unha gran variedade de maquinaria. Ensinan a empregar tractores, motoserras ou rozadoras.

Conta actualmente con dúas titulacións :

- 1.- Aproveitamento e conservación do medio natural.
Este ciclo céntrase no aproveitamento e nas accións de repoboación forestal, así como de restauración ou ordenación hidrolóxico-forestal e de aproveitamento forestal. Tamén se trata o control e a vixilancia do medio natural, manexando e mantendo a maquinaria e as instalacións forestais, atendendo á normativa ambiental e de prevención de riscos laborais.
- 2.- Xestión forestal e do medio natural.
No ciclo ensínase a programar, organizar, supervisar e realizar os traballos no monte e en viveiros, controlando e protexendo o medio natural e capacitando ás persoas para a conservación e a mellora ambiental.

Asinado o día 18/06/2025 ás
16:37
Por Alberto Pazos Couñago



Son titulacións con moi boa empregabilidade, onde continuamente chegan ofertas de empresas que buscan persoal ademais de ser ciclos nos que o alumnado mostra moita satisfacción por cursalos.

Debemos ter en conta tamén que a formación agraria constitúe unha formación imprescindible para todas aquelas persoas que queren poñer en marcha novos proxectos produtivos vinculados aos sectores gandeiros, agrarios e forestais.

A principal fortaleza da FP agraria desde o noso punto de vista é que se trata dun sector que forma parte da nosa identidade cultural e económica. Contamos con tradición no sector agroforestal e en Galicia temos un gran potencial que aínda ten moita marxe de desenvolvemento.

Ademais é unha formación moi ligada ao medio natural e á produción de alimentos, o que, nun contexto como o actual de crise ambiental e económica, é imprescindible se queremos ter unha sociedade máis resiliente: ter a profesionais formados, con sensibilidade ambiental e cunha capacidade de análise dos problemas e as solucións medio ambientais contribuirá a manter un medio ambiente máis san e cunha produción máis sostible.

Nos centros dependentes da Consellería do Medio Rural levase impartindo ciclos de formación profesional agraria desde o ano 1997 grazas a un convenio asinado nese ano entre a que naquel momento era a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Tamén é importante incidir outra vez na importancia que ten a formación no autoemprego, que tamén se configura como unha opción cada vez de maior relevancia para asegurar a produción de alimentos e o mantemento da poboación no medio rural. A formación agraria é unha peza moi importante para conseguir un medio rural vivo e con futuro.

Na montaña lucense a apicultura esta adquirindo unha gran importancia socioeconómica e ecolóxica, xa que contribúe cada vez mais á economía familiar, e non en poucos casos é un medio de vida xa para mozos apicultores.

Xeralmente esta actividade asóciase unicamente con produción de mel, pole, xelea real e propóleos, con todo, as abellas son fundamentais para un equilibrio do medio ambiente xa que ao obter o alimento das flores fomentan nas plantas a capacidade de fecundarse.



A apicultura é unha actividade agropecuaria enfocada á crianza de abellas, dándolles os coidados necesarios para obter os produtos que elaboran para ser comercializados.

A historia da apicultura vai da man coa evolución do home, desde o cazador nómade ao agricultor sedentario.

Dos pobos que practicaban esta actividade os exipcios foron os que con maior detalle deixaron evidencia desta actividade, desde o tipo de colmea ata o proceso de recolección de mel e a forma en que era almacenada e preservada.

Non hai na provincia ningunha formación regrada nesta actividade polo que é de interese promover formación en capacitación agraria neste ámbito, atendendo tamén á a crecente demanda dos produtos elaborados polas abellas.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a impulsar unha oferta de formación regrada en materia de apicultura na Escola de Alta Montaña Pena do Pico, no municipio lucense de Becerreá, para poder mellorar a produción de mel e doutros produtos derivados”.

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 18/06/2025 16:37:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/06/2025 16:38:08
Nº Rexistro: 27611
Data envío: 18/06/2025 16:38:08,996

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 18/06/2025 16:38:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/06/2025 16:38:08
Nº Rexistro: 27611
Data envío: 18/06/2025 16:38:08,996

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 27621
Data envío: 19/06/2025 09:26:16.140

Asinado o día 19/06/2025 ás 09:24
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **María Elena Espinosa Mangana** e **Patricia Iglesias Rey**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello de Contas de Galicia, no exercicio da súa función fiscalizadora, vén advertindo de maneira reiterada sobre diversas deficiencias na xestión económico-financeira da Administración autonómica e do seu sector público.

Asinado o día 19/06/2025 ás 09:24
Por Patricia Iglesias Rey

Nos informes correspondentes e publicados no 2025, o Consello de Contas sinala o incumprimento sistemático das súas recomendacións por parte do Goberno galego en relación á Conta Xeral, así como irregularidades significativas na contabilidade do Servizo Galego de Saúde (SERGAS).

Ademais, o informe denuncia a falta de transparencia das entidades do sector público galego, especialmente no relativo á rendición de contas e acceso á información financeira. Unha das cuestións máis preocupantes que sinala o órgano fiscalizador é o uso excesivo e inxustificado dos contratos menores, o que pode vulnerar os principios de publicidade, concorrência e eficiencia na contratación pública.

Asinado o día 19/06/2025 ás 09:23
Por Elena Espinosa Mangana

O Parlamento galego, como máximo órgano de representación democrática en Galicia, non pode permanecer alieo a estas advertencias. É urxente esixir

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

91812

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-XWkTpOxo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 27621
Data envío: 19/06/2025 09:26:16.140

responsabilidades políticas, promover medidas correctoras inmediatas e garantir o cumprimento das obrigas legais en materia de xestión pública.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a mellorar a transparencia e a rendición de contas das entidades do sector público autonómico, obrigando a todas elas a publicar a información económico-financeira de forma accesible, actualizada e comprensible para a cidadanía.

Santiago de Compostela, a

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

91813

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 19/06/2025 9:23:55

Patricia Iglesias Rey na data 19/06/2025 9:24:01

José Ramón Gómez Besteiro na data 19/06/2025 9:24:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 27621
Data envío: 19/06/2025 09:26:16.140

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/06/2025 9:26:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 27621
Data envío: 19/06/2025 09:26:16.140

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2025 10:58:23
Nº Rexistro: 27631
Data envío: 19/06/2025 10:58:23.818

Asinado o día 19/06/2025 ás 10:55
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **María Elena Espinosa Mangana** e **Patricia Iglesias Rey**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello de Contas de Galicia, no exercicio da súa función fiscalizadora, vén advertindo de maneira reiterada sobre diversas deficiencias na xestión económico-financeira da Administración autonómica e do seu sector público.

Asinado o día 19/06/2025 ás 10:55
Por Patricia Iglesias Rey

Nos informes correspondentes e publicados no 2025, o Consello de Contas sinala o incumprimento sistemático das súas recomendacións por parte do Goberno galego en relación á Conta Xeral, así como irregularidades significativas na contabilidade do Servizo Galego de Saúde (SERGAS).

Ademais, o informe denuncia a falta de transparencia das entidades do sector público galego, especialmente no relativo á rendición de contas e acceso á información financeira. Unha das cuestións máis preocupantes que sinala o órgano fiscalizador é o uso excesivo e inxustificado dos contratos menores, o que pode vulnerar os principios de publicidade, concorrência e eficiencia na contratación pública.

Asinado o día 19/06/2025 ás 10:55
Por Elena Espinosa Mangana

O Parlamento galego, como máximo órgano de representación democrática en Galicia, non pode permanecer alieo a estas advertencias. É urxente esixir

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

91816

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-XWkTpOxo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2025 10:58:23
Nº Rexistro: 27631
Data envío: 19/06/2025 10:58:23.818

responsabilidades políticas, promover medidas correctoras inmediatas e garantir o cumprimento das obrigas legais en materia de xestión pública.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

1. Establecer mecanismos de control máis estritos para evitar o abuso dos contratos menores e garantir o respecto aos principios de publicidade, concorrência e igualdade na contratación pública.
2. Comparecer no Parlamento de Galicia para dar explicacións detalladas sobre as observacións do Consello de Contas e presentar as medidas que a Xunta de Galicia ten previsto adoptar para corrixir esta situación.

Santiago de Compostela, a 19 de xuño de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

91817

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-XWkTpOxo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 19/06/2025 10:55:21

Patricia Iglesias Rey na data 19/06/2025 10:55:26

José Ramón Gómez Besteiro na data 19/06/2025 10:55:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2025 10:58:23
Nº Rexistro: 27631
Data envío: 19/06/2025 10:58:23.818

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2025 10:58:23
Nº Rexistro: 27631
Data envío: 19/06/2025 10:58:23.818

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/06/2025 10:58:24

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Jose Luis Ferro Iglesias, Argimiro Marnotes Fernández, Roberto Rodríguez Martínez, Miguel Ángel Viso Diéguez e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto nos 98, artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en pleno**.

Exposición de motivos:

Galicia parece estar condenada ao monopolio de Renfe ata como mínimo o ano 2030 logo de que o Goberno de España incumpra todas as súas estimacións de prazos e compromisos para liberalizar o transporte ferroviario, en especial, na rede de alta velocidade. Esta circunstancia impide aos galegos desfrutar de beneficios tales como a rebaixa de prezos e unha máis ampla oferta de frecuencias.

Isto é así porque o Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible segue sen realizar os investimentos necesarios para facer posible o cambio de ancho de vía en Galicia (só o treito Madrid-Ourense dispón de ancho internacional) e tampouco posibilita a compra de convois de ancho variable por parte doutros operadores distintos a RENFE -neste momento no resto de España funcionan compañías como Iryo e Ouigo- aos que en breve se sumarán outros operadores.

Contextualizando os compromisos, foi no ano 2024 cando a empresa pública ADIF, administrador estatal de infraestruturas ferroviarias, publicaba os primeiros detalles dunha liberación para Galicia que se esperaba concluída a finais do ano 2026. Agora anuncia un novo retraso nese prazo, demorando a publicación de criterios e normas que regularán todo este proceso como mínimo ata setembro en lugar do 1º trimestre do 2025 como anunciara. De xeito paralelo o Goberno central prevé ampliar o contrato con RENFE na media distancia e *cercanías* pechando as portas tamén na rede convencional a esta liberalización.

Polo exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia formula a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e trasladar as seguintes demandas:





**PARLAMENTO
DE GALICIA**

1º.- Publicar unha planificación para garantir a chegada da competencia á rede ferroviaria galega, tanto nas rutas de alta velocidade como na rede convencional, incluído os investimentos precisos para o cambio de vía de ancho ibérico a ancho internacional.

2º.- Compensar aos usuarios do ferrocarril en Galicia prexudicados polo monopolio de Renfe e a falta de competencia neste mercado, ofertando billetes máis baratos e un servizo fiable e axustado ás necesidades dos usuarios”.

Santiago de Compostela, 19 de xuño 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](#)

 [@GrupoPopularGal](#)



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 19/06/2025 11:03:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2025 11:10:48
Nº Rexistro: 27667
Data envío: 19/06/2025 11:10:48,765

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2025 11:10:48
Nº Rexistro: 27667
Data envío: 19/06/2025 11:10:48,765

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/06/2025 11:10:49

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2025 12:02:05
Nº Rexistro: 27689
Data envío: 19/06/2025 12:02:05.584

Asinado o día 19/06/2025 ás 12:01
Por Ana Pontón Mont

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Oscar Insua Lema**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a creación dun Oficina Antifraude en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A corrupción constitúe un dos principais desafíos para a calidade democrática, a confianza cidadá nas institucións e a eficiencia da administración pública. As irregularidades na contratación, por exemplo o abuso da contratación discrecional e/ou inxustificada non só supón a ineficiente utilización de recursos públicos, senón que condiciona a mellora do funcionamento e prestación dos servizos públicos e impide o desenvolvemento e crecemento do tecido empresarial.

Numerosos estudos nacionais e internacionais teñen cuantificado os efectos económicos da corrupción. Así, segundo estimacións da Comisión Europea, a corrupción custa á economía da Unión arredor de 120.000 millóns de euros ao ano. No estado español, diversos informes calculan que o impacto económico podería superar os 90.000 millóns anuais, o que supón aproximadamente un 8% do PIB estatal. Na Galiza, aínda que resulta complexo obter datos desagregados e específicos debido á natureza encuberta deste tipo de comportamento e a falla de dilixencia da Xunta de Galiza na súa persecución, existen indicios suficientes para concluír que tamén a corrupción e o uso indebido de fondos públicos teñen causado importantes prexuízos ao erario público, ademais de contribuír á desafección política e social pola sensación de impunidade das persoas presuntamente responsábeis ou relacionadas coas actuacións sospeitosas de corrupción.

Asinado o día 19/06/2025 ás 12:01
Por Oscar Insua Lema

Asinado o día 19/06/2025 ás 12:01
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela, Galiza

A concentración de adxudicacións discrecionais e sen concorrència competitiva nunha entidade ou a existencia de audios nos que as intervintes recoñecen o pago ou cobros de comisións, sobrecustos consecuencia da elección do sistema de contratación ou producidos na execución do contrato... son prácticas para cuxa interdicción os actuais mecanismos institucionais de control, internos e externos, evidenciáronse insuficientes ou susceptibles de seren bloqueados.

Especialmente grave (e elocuente) resultou a obstaculización por parte do Partido Popular da Comisión de Investigación sobre a contratación discrecional da Xunta de Galiza, que se ben non puido evitar a súa constitución, si logrou impedir o acceso a toda a documentación solicitada polo BNG, grupo que instou a súa creación.

A presenza de numerosos entes instrumentais, en moitos casos cun non moi elevado nivel de transparencia, a externalización crecente de servizos públicos e o abuso da contratación discrecional son elementos que están a incrementar o risco de corrupción e de posíbeis prácticas irregulares.

Circunstancias, todas elas reiteradamente advertidas polo Consello de Contas, quen ven manifestando a necesidade de reforzar a transparencia, o control financeiro ou conflitos de interese, así como a comenencia de reforzar os mecanismos de prevención e detección da corrupción.

De todo anterior se desprende a necesidade da creación dunha Oficina Antifraude en Galiza -como xa existen en varias Comunidades Autónomas-, con autonomía funcional, capacidade de investigación e competencia para recibir denuncias tanto internas como externas sobre posibles casos de corrupción, uso indebido de fondos públicos ou prácticas contrarias á integridade institucional; contribuíndo á construción dunha administración pública máis íntegra, eficiente e transparente.

Precisamente é a experiencia nas Comunidades Autónomas que puxeron en marcha organismos desta natureza a que acredita a súa utilidade tanto na prevención como





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

na disuasión de prácticas corruptas, permitindo a centralización e profesionalización da loita contra a corrupción, tamén na súa investigación e persecución.

A Oficina debería contar cunha estrutura independente do poder executivo, cunha dirección nomeada por maioría cualificada do Parlamento de Galiza, e cun estatuto de garantías que lle asegure autonomía de funcionamento. Así mesmo, debería promover a formación en ética pública e integridade institucional, realizar informes periódicos e colaborar coas administracións locais e autonómicas para mellorar os seus sistemas internos de control, asumindo as funcións hoxe conferidas ao Consello de Contas, quen podería concentrar os seus recursos e medios na fiscalización económica e financeira.

A actualidade, tanto galega como estatal, ven a evidenciar a urxente necesidade da creación deste organismo destinado a recuperar a confianza nas institucións, e dunha cidadanía galega que demanda máis control, máis transparencia e máis responsabilidade na xestión dos recursos públicos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate en Pleno:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a presentar no prazo dun ano un proxecto de lei para a creación dunha Oficina Antifraude en Galiza, adscrita ao Parlamento de Galiza, con personalidade xurídica propia, autonomía funcional e orgánica, e cuxos obxectivos estarán encamiñados a prevención da corrupción, detección de situacións de conflito de intereses, e á investigación e inspección do uso ou destino irregular dos recursos públicos e das condutas contrarias á lei e ao dereito, tanto no sector público autonómico, como nas entidades e persoas que xestionen recursos públicos.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 19/06/2025 12:01:35

Óscar Insua Lema na data 19/06/2025 12:01:42

Ana Pontón Mondelo na data 19/06/2025 12:01:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2025 12:02:05
Nº Rexistro: 27689
Data envío: 19/06/2025 12:02:05.584

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/06/2025 12:02:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2025 12:02:05
Nº Rexistro: 27689
Data envío: 19/06/2025 12:02:05.584

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **José Luis Ferro Iglesias, Víctor Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

- 2.- Reclamar a eliminación das disposicións que habilitan a declaración de zonas tensionadas e os límites aos prezos do alugueiro, por considerar que estas medidas están a xerar unha contracción da oferta e un incremento das rendas.
- 3.- Promover medidas que incentiven o alugueiro a través da seguridade xurídica, a estabilidade fiscal e a cooperación co sector privado, favorecendo a construción e mobilización de vivenda sen recorrer á intervención do mercado.

Asemade, insta á Xunta de Galicia a afondar no compromiso co acceso á vivenda das familias galegas, mediante políticas propias baseadas no rigor, na responsabilidade e na eficacia, como xa se está a facer con programas de axudas ao alugueiro, execución de vivenda pública e mobilización de inmobles baleiros.”

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 13/06/2025 10:59:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2025 11:00:53
Nº Rexistro: 27361
Data envío: 13/06/2025 11:00:53,720

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/06/2025 11:00:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2025 11:00:53
Nº Rexistro: 27361
Data envío: 13/06/2025 11:00:53.720

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2025 11:01:55
Nº Rexistro: 27364
Data envío: 13/06/2025 11:01:55,942

Asinado o día 13/06/2025
10:59
Por Luis Bará Torres

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luís Bará Torres, Brais Ruanova Vilas-Boas** e da deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, sobre a creación de solo empresarial na área de Pontevedra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O parque empresarial do Campiño está ao límite da súa total ocupación nestes momentos e os parques de Curro e A Reigosa teñen un nivel moi alto, polo que a posibilidade de crecemento de solo está “practicamente estrangulada”.

A execución da ampliación do Campiño é un proxecto que estivo paralizado durante dez anos, período no que non se atenderon as demandas de dotación de solo empresarial formuladas polo concello de Pontevedra e se incumpriron as previsións do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais na comunidade autónoma de Galicia (PSOAEG), que cualificou como estratéxicas para o período 2025-2024 a ampliación do Campiño e o creación do parque empresarial de Fragamoreira en Poio. No caso do Campiño, a previsión era desenvolver a ampliación nunha superficie de 342.215 m² (205.329 m² de superficie neta).

En febreiro de 2023 o concello de Pontevedra remitiu un escrito á Xunta coa “Solicitud de desenvolvemento da área empresarial de carácter estratéxico prevista no PSOAEG denominada “Nova Delimitación PS11-Ampliación do PE do Campiño, para atender a demanda de solo empresarial na área urbana de Pontevedra”.

Neste documento sinálanse entre outras as seguintes motivacións:

Asinado o día 13/06/2025 ás
10:59
Por Alexandra Fernández Gómez

Asinado o día 13/06/2025 ás
10:59
Por Brais Ruanova Vilas-Boas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“cómpre ponderar que o parque empresarial do Campiño está tecnicamente ao límite de ocupación e que os parques de Outeda-Curro -xestionado pola Deputación- e o Parque empresarial da Reigosa en Ponte Caldelas, teñen unha ocupación bastante elevada (só 19 e 13 parcelas dispoñíbeis, respectivamente), polo que tras descartar a Xunta no devandito Plan e incluso o Estado, a plataforma loxística intermodal/empresarial no lugar de Leborei, na parroquia de San Vicente de Cerponzóns, en terreos que ocupaban una superficie aproximada de 43 hectáreas, podemos vernos nun período relativamente curto de poucos anos nunha situación de estrangulamento na oferta de solo”.

No mes de xullo de 2024, Xestur adxudicou o contrato do Servizo de redacción do plan estruturante de ordenación de solo empresarial e instrumentos de desenvolvemento e execución da ampliación parque empresarial de O Campiño (Pontevedra). A adxudicataria foi a empresa PROYFE SL, cun prezo de 214.170 euros e un prazo de execución de 2 anos.

A memoria xustificativa do contrato, e tamén o prego de cláusulas administrativas, establecen un prazo de cinco meses desde a sinatura do contrato para a presentación do borrador do Plan estruturante de Ordenación de Solo empresarial así como a documentación ambiental correspondente para a súa tramitación ambiental.

Cando xa se cumpriron 10 meses deste a sinatura do contrato non hai noticias sobre estes documentos, o que leva á conclusión de que estamos diante dunha nova dilación dunha actuación que se preveu no seu momento como estratéxica e que debía estar rematada no ano 2024.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Axilizar a tramitación da ampliación do parque empresarial do Campiño, de acordo coa proposta formulada en febreiro de 2023 polo concello de Pontevedra.
2. Presentar no prazo máximo de un mes o borrador do Plan estruturante de Ordenación de Solo empresarial así como a documentación ambiental correspondente para a súa tramitación ambiental.
3. Incluír no orzamento da Xunta para 2026 unha partida para o inicio da primeira fase da ampliación do parque empresarial do Campiño”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 13/06/2025 10:59:25

Alexandra Fernández Gómez na data 13/06/2025 10:59:34

Luis Bará Torres na data 13/06/2025 10:59:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2025 11:01:55
Nº Rexistro: 27364
Data envío: 13/06/2025 11:01:55,942

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/06/2025 11:01:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2025 11:01:55
Nº Rexistro: 27364
Data envío: 13/06/2025 11:01:55,942

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



00Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Miguel Fidalgo Iglesias, Jesús María Fernández Rosende, María Deza Martínez, Dolores Hermelo Piñeiro, Patricia García González, Paula Mouzo Más, María Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

Exposición de Motivos:

A FAO é a Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura. Se botamos unha ollada ao último inventario de capturas globais publicadas de maneira recente pola FAO, datos relativos ao ano 2023, podemos constatar o que para moitos empresarios do sector da flota galega é unha realidade innegable: China volveu a incrementar as súas capturas, a razón de 425 toneladas diarias máis nun ano, ata os 10,34 millóns de toneladas. En paralelo, a frota española, da que ao redor dun 45% da capacidade é galega, anotou o peor rexistro da súa historia, con apenas 724.564 toneladas de peixes e crustáceos. Nunca Galicia faenou tan pouco.

Dito doutro xeito: mentres a frota chinesa incrementou a súa produción salvaxe nesas 425 toneladas diarias en 2023, a española fixo o camiño inverso, desangrándose con 52 toneladas diarias menos de capturas. Estes datos fan referencia á actividade de cada pavillón e reflicten, en consecuencia, o progresivo adelgazamento do sector a escala europea debido ás limitacións normativas, a falta de rendibilidade ou de substitución xeracional.

Paralelamente a isto, Rusia é un dos principais expoñentes da expansión foránea na pesca, apostando por megabuques sostidos con inxentes partidas de diñeiro público dispensadas e programadas a futuro. A Axencia Federal de Pesca (Rosrybolovstvo) está a traballar en incrementar a súa presenza en África. Con Marrocos pechou xa un acordo de catro anos, prorrogables por outros catro, para faenar 80.000 toneladas anuais de especies peláxicas como sardiña, cabala ou anchoa. E está a estudar pesqueiras noutros 19 países do continente para negociar novas cotas.

Polo momento, a frota pesqueira de pavillón ruso incrementou as súas capturas en máis de 100.000 toneladas en 2023, ata pasar os 4,4 millóns. Desde que O Goberno





Ruso puxo en marcha o esquema de cotas por investimentos, as capturas rexistradas pola FAO incrementáronse nun 16,5%.

Polo tanto enfrontamos desde Galicia a serios problemas e serias ameazas a pesca mundial Galega. Xa non só china ou Rusia senón tamén incluso países como Senegal viron incrementadas as súas capturas e aumentada a súa frota, de feito, este país é uno dos que experimentou un maior desembarco de armadoras asiáticas nos últimos anos, con 117 buques con intereses chineses que operan no país con licenza, tanto con pavillón asiático como local.

Polo exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España a:

- 1.- Defender no Marco da Política Pesqueira Común o control do volume real do número de barcos que operan nos caladoiros comúns con Galicia.
2. Aportar as medidas oportunas para vetar á expansión da industria pesqueira de China e Rusia a distintos países africanos ou de Oceanía que está a derivar na creación de filiais e o uso de bandeiras de conveniencia.

Santiago de Compostela, a 13 de xuño 2025.



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 13/06/2025 11:21:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2025 11:21:28
Nº Rexistro: 27369
Data envío: 13/06/2025 11:21:28.769

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/06/2025 11:21:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2025 11:21:28
Nº Rexistro: 27369
Data envío: 13/06/2025 11:21:28.769

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Miguel Fidalgo Iglesias, Jesús María Fernández Rosende, María Deza Martínez, Dolores Hermelo Piñeiro, Patricia García González, Paula Mouzo Más, María Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

Exposición de Motivos:

A baixada do 36,2 % do consumo do peixe desde 2008 ata situarse en 17,99 quilos per cápita en 2024 é o que máis preocupa ao 58,8 % das empresas do sector, segundo un estudo da organización empresarial Aecoc denominado "Pulso ao sector de produtos do mar".

Así o apuntou este martes a responsable do sector de produtos do mar de Aecoc, Àngels Segura, quen indicou que esta baixada que constata o panel de consumo nos fogares do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA) quizá sexa menor polos cambios na compra, con menos produto enteiro e máis por pezas sen posterior desperdicio.

A segunda maior preocupación do sector de produtos do mar para 2025 son, segundo Segura, os problemas de subministración e dispoñibilidade de produto (así o afirmaron o 54,9 % das empresas consultadas), e a terceira, a falta de persoal cualificado.

O informe realizouse coa participación de 51 empresas de toda a cadea de valor dos produtos do mar, desde lonxas a empresas líderes da industria do sector e da gran distribución.

O responsable na presentación virtual do estudo, destacou, con todo, que no primeiro trimestre de 2025, as firmas consultadas incrementaran as súas vendas un 80,4 % en valor e un 60,8 % en volume respecto ao mesmo período de 2024.

A pesar diso, "o sector de produtos do mar móstrase pesimista para 2025", xa que o 41,2 % prevé que este ano haberá "un certo estancamento de vendas no sector", aínda que non así no seu propio negocio, xa que o 78,4 % das consultadas prevé que a súa empresa eleve o valor dos seus ingresos e o 60,8 %, o seu volume de vendas.

Asinado o día 13/06/2025 ás
11:31
Por Alberto Pazos Couñago

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





O documento apunta a que para o 60 % as empresas fabricantes de produtos do mar, a exportación representa menos do 25 % das súas vendas e que en 2025 a maioría (71,9 %) estima que o seu crecemento virá das vendas no mercado nacional.

Respecto a a subida de aranceis en Estados Unidos, comentou que o 41 % dos enquisados mencionou que impactarán negativamente nas exportacións españolas de produtos do mar e que o 35 %, tamén informou de que serán prexudiciais para a importación de materias primas para o sector.

O presidente do Comité de produtos do mar de Aecoc, Eduardo Míguez, que tamén é o director adxunto do porto de Celeiro (Lugo), fixo unha radiografía do sector na que indicou a súa gran fortaleza, xa que conta cunha das principais frots da Unión Europea (8.549 buques) que empregan a 30.500 persoas.

A estes traballadores sumou os 10.000 empregos que xera a actividade acuícola.

Segundo os seus datos, en 2023 a frota pesqueira española capturou máis de 765.000 toneladas de peixe, cun valor de mercado de 1.790 millóns de euros e o sector industrial pesqueiro, composto por máis de 600 empresas, contabilizou unha facturación agregada duns 15.000 millóns de euros.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que exixa do Goberno de España que tome medidas para impedir que o consumo do peixe siga en caída histórica, adoptando iniciativas de tipo económico como a rebaixa do IVE ou outras medidas análogas que permitan incentivar a compra destes produtos. Asemade, impulse campañas de fomento do consumo entre a xente moza, escolares e familias en xeral e se free esta tendencia tan prexudicial para ó sector”.

Santiago de Compostela, a 13 de xuño 2025.



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 13/06/2025 11:31:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2025 11:31:32
Nº Rexistro: 27371
Data envío: 13/06/2025 11:31:32.370

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/06/2025 11:31:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2025 11:31:32
Nº Rexistro: 27371
Data envío: 13/06/2025 11:31:32.370

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Miguel Fidalgo Iglesias, Jesús María Fernández Rosende, María Deza Martínez, Dolores Hermelo Piñeiro, Patricia García González, Paula Mouzo Más, María Magdalena Pérez Millares, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

Exposición de Motivos:

O sector pesqueiro español atravesa unha situación crítica no que respecta á substitución xeracional e á incorporación de novos profesionais a bordo dos buques. En numerosas visitas a portos e encontros co sector, os armadores e representantes de confrarías e empresas pesqueiras manifestan a súa crecente dificultade para atopar tripulantes cualificados dispostos a exercer esta profesión esencial para a economía azul, a soberanía alimentaria e o emprego costeiro.

Os propios profesionais destacan que os actuais programas formativos non se adaptan á realidade da pesca, especialmente no que respecta a a formación práctica dual, á compatibilidade coa actividade laboral dos alumnos que xa navegan ou ás prácticas a bordo esixidas para obter titulacións profesionais. Ademais, existe unha preocupación xeneralizada ante a falta de axilidade nos procesos de homologación de títulos náutico-pesqueiros obtidos en terceiros países —incluídos Estados membros da Unión Europea— o que limita o acceso a man de obra cualificada procedente de países con tradición pesqueira.

Doutra banda, abriuse un debate nacional sobre a redución da xornada laboral que, de aplicarse de forma xenérica sen atender ás peculiaridades da actividade marítima-pesqueira, poñería en grave risco a viabilidade operativa e económica dunha frota que depende da flexibilidade de horarios, as mareas e as distancias aos caladoiros.

Por todo iso, considérase necesario adoptar medidas decididas e específicas para garantir a sustentabilidade laboral, a substitución xeracional e a competitividade do noso sector pesqueiro, evitando a súa exclusión práctica do mercado de traballo nacional e internacional.

Polo exposto, Ou Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado o día 13/06/2025 ás
11:39
Por Alberto Pazos Couñago





“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.Revisar, coa participación activa do sector pesqueiro e dos centros de formación marítimo-pesqueira, os Reais Decretos 36/2014, 449/2020 e 269/2022, co fin de:

- Facilitar a obtención de títulos profesionais.
- Impulsar a formación dual e regrada adaptada á realidade da pesca.
- Promover a formación en liña aproveitando a estancia en terra dos alumnos xa tripulantes.
- Adaptar as prácticas esixidas á experiencia profesional xa adquirida.
- Poñer en marcha cursos de adaptación e capacitación para atribucións novas.

2.Axilizar os procedementos de homologación de títulos profesionais expedidos en terceiros países asinantes de convenios internacionais, así como a firma de novos convenios nesta materia, continuando a liña de simplificación emprendida pola Dirección Xeral da Mariña Mercante.

3.Impulsar no ámbito da Unión Europea a harmonización de normas e o recoñecemento automático de títulos profesionais expedidos polos Estados membros, garantindo así a libre circulación de traballadores no sector marítimo-pesqueiro.

4.Ditar instrucións para a unificación, simplificación e axilidade dos procedementos administrativos nas distintas Capitanías Marítimas, co fin de facilitar ás empresas e profesionais do sector a obtención de autorizacións, certificados e trámites necesarios para o exercicio da súa actividade.

5.Excluír ao sector marítimo-pesqueiro de calquera normativa ou proposta que implique unha redución xeneralizada da xornada laboral, na medida en que tal medida non teña en conta as peculiaridades operativas, técnicas e ambientais propias da actividade pesqueira e da navegación marítima.

Santiago de Compostela, 13 de xuño 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 13/06/2025 11:39:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2025 11:39:54
Nº Rexistro: 27373
Data envío: 13/06/2025 11:39:54.424

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2025 11:39:54
Nº Rexistro: 27373
Data envío: 13/06/2025 11:39:54.424

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/06/2025 11:39:54

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Jesús Fernández Rosende, Encarna Amigo Díaz, Noelia Pérez López, Ethel Vázquez Mourelle, Raquel Arias Rodríguez, Víctor Baladrón Lamas, Nicole Grueira Fernández, Argimiro Marnotes Fernández, Dolores Hermelo Piñeiro e Magdalena Pérez Millares**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

As paradas cardiorrespiratorias constitúen na actualidade uno dos principais problemas de Saúde pública. A formación da mocidade para detectar e reaccionar de maneira rápida de sinais de alarma na resposta ante determinadas manifestacións físicas asociadas a estas emerxencias pode contribuír de maneira significativa a reducir complicacións graves e mesmo salvar vidas, tanto no ámbito familiar como no educativo ou deportivo.

Aínda que os servizos públicos de emerxencias sanitarias dispoñen dunha capacidade de resposta altamente eficaz e eficiente, o intervalo de tempo entre a aparición dos primeiros síntomas e a intervención sanitaria resulta determinante para a supervivencia. Neste contexto, a actuación inmediata das persoas presentes, especialmente se contan cunha formación básica en manobras de reanimación, pode marcar a diferenza.

En Galicia, máis da metade das paradas cardiorrespiratorias teñen lugar fóra do ámbito hospitalario. Aínda que entre a poboación moza son menos frecuentes, esta pode desempeñar un papel crucial na atención inicial, actuando nos centros educativos, instalacións deportivas ou no fogar, aplicando técnicas básicas de reanimación ata a chegada dos profesionais sanitarios.

A evidencia amosa que as manobras de reanimación realizadas por persoas debidamente formadas presentan unha alta taxa de éxito, comparable en



ocasiões á dos profesionais sanitarios. Isto pon de manifesto a importancia de contar coa formación axeitada e co acceso aos medios necesarios para actuar con dilixencia ante situacións críticas.

Ademais, a aprendizaxe e práctica de protocolos específicos fronte a sinais de problemas cardiovasculares, ictus ou atragoamentos representa unha ferramenta de gran valor para a prevención e intervención inmediata, con efectos directos sobre a capacidade de salvar vidas.

En Galicia xa existen iniciativas con grande éxito neste eido como é o caso do programa sobre resucitación cardio pulmonar na aula, destinado a estender a formación nesta materia entre o alumnado de educación secundaria, unha iniciativa que, impulsado polo 061 Galicia, xa permitiu formar a máis de 20.000 alumnos.

Tamén o *Proxecto Ariadna*, grazas ao que a Xunta deseñou un mapa colaborativo de desfibriladores a nivel nacional liderado polo 061 de Galicia que mellorou o acceso e localización destes dispositivos ou o proxecto *Acode e Axuda*, de voluntarios formados en soporte vital básico no que hai 555 inscritos listos para intervenir en caso de emerxencia, entre outros.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1º.- Continuar formando ao alumnado e ao profesorado mediante o reforzo do programa de formación en reanimación cardiopulmonar nas aulas, estendéndoo a novos centros educativos, e incorporando, polo menos a partir dos 12 anos, formación nos protocolos específicos para a actuación, detección e recoñecemento polo alumnado da sintomatoloxía asociada a outro tipo de crises tales como infartos, ictus e atragoamentos.
- 2.- Favorecer a incorporación no desenvolvemento deste programa daqueles profesionais da sanidade que, de xeito voluntario e altruísta, queiran





participar no programa de formación en reanimación cardiopulmonar nas aulas, que lidera o 061, e a través do que se favorece a adquisición polo alumando de coñecementos básicos nestas materias”.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2025

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 13/06/2025 11:49:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2025 11:51:08
Nº Rexistro: 27375
Data envío: 13/06/2025 11:51:08,981

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/06/2025 11:51:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2025 11:51:08
Nº Rexistro: 27375
Data envío: 13/06/2025 11:51:08,981

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Miguel Fidalgo Iglesias, Jesús María Fernández Rosende, María Deza Martínez, Dolores Hermelo Piñeiro, Patricia García González, Paula Mouzo Más, Gonzalo Trenor López, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Comisión 8ª Pesca e Marisqueo**.

Exposición de Motivos:

Nos últimos anos, o cambio climático e outros factores ambientais provocaron os desprazamentos significativos nas especies de interese pesqueiro. No Cantábrico, observouse un incremento na presenza de túnidos, como o atún vermello ou común (*Thunnus thynnus*) e o patudo (*Thunnus obesus*).

O ano pasado, estudos científicos sobre os patróns migratorios do patudo confirmaban a fidelidade deste atún ás augas do Cantábrico, vinculando a súa presenza tamén cos hábitos alimentos, e non só co quecemento dos océanos, ao incluír na súa dieta pequenos peláxicos. O patudo é unha especie de atún tropical amplamente difundido no océano Atlántico.

O exercicio da pesqueira de patudo no océano Atlántico por parte dos buques de pavillón español, está regulada pola Orde APA/372/2020, do 24 de abril, mediante a creación dun censo específico coa asignación de posibilidades de pesca para buques pesqueiros que capturen patudo, de forma dirixida ou accesoria, no océano Atlántico, incluída a pesca recreativa. Sen embargo, a captura está prohibida para a frota de arrastre, mesmo de forma accidental.

As embarcacións non poden nin reter a bordo nin descargar os exemplares que capturen e deben devolvelos ao mar anotando no diario electrónico de pesca (DEA) que se descartaron por considerarse especie prohibida por España. Esta situación xera un agravio comparativo para a frota pesqueira profesional e unha incoherencia na xestión dos recursos mariños.

O actual modelo de xestión pesqueira da Unión Europea non está adaptado aos cambios na distribución das especies debido ao quecemento dos océanos e a variabilidade climática.





PARLAMENTO DE GALICIA

A prohibición de capturas para determinadas modalidades de pesca, sen unha revisión da normativa baseada en datos actualizados, supón unha limitación inxustificada para o sector pesqueiro profesional e unha perda de oportunidades económicas e sociais para as comunidades pesqueiras.

Por iso, é urxente que o Goberno de España inste á Comisión Europea a revisar o modelo de xestión pesqueira, co fin de adaptalo á nova realidade biolóxica e ecolóxica das especies de interese pesqueiro. Esta revisión debe permitir un acceso equitativo aos recursos pesqueiros para todas as modalidades de pesca e garantir a sustentabilidade da actividade.

Por todo iso, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España a:

1. Presentar ante a Comisión Europea unha proposta de modificación do modelo de xestión pesqueira que contemple a adaptación das cotas e permisos de captura á nova distribución de especies como o patudo no Cantábrico.
2. Impulsar estudos científicos que actualicen a información sobre a presenza e abundancia do patudo no Cantábrico, co fin de fundamentar calquera cambio normativo en base a datos obxectivos.
3. Defender no seo da Unión Europea a necesidade de flexibilizar a normativa pesqueira para adaptala á evolución dos ecosistemas mariños e os desprazamentos das especies de interese pesqueiro.

Santiago de Compostela, 13 de xuño 2025.



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 13/06/2025 11:51:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2025 11:51:36
Nº Rexistro: 27376
Data envío: 13/06/2025 11:51:36.655

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2025 11:51:36
Nº Rexistro: 27376
Data envío: 13/06/2025 11:51:36.655

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/06/2025 11:51:37

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2025 12:08:46
Nº Rexistro: 27384
Data envío: 13/06/2025 12:08:46,447

Asinado o día 13/06/2025 ás 12:01
Por Silvia Longueira (

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **María del Carmen Rodríguez Dacosta**, **María Elena Espinosa Mangana** e **Silvia Longueira Castro**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os tribunais levan anos advertindo sobre os problemas na forma en que a Xunta de Galicia xestiona as axudas dirixidas ás persoas traballadoras autónomas. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG), a través de distintas sentenzas, vén sinalando erros, falta de dilixencia e unha excesiva dureza formal por parte da Administración galega que, lonxe de facilitar, pon atrancos ao acceso a estas subvencións.

O último caso, feito público en xuño de 2025, é un bo exemplo do que está a fallar. Un autónomo pediu no prazo unha axuda do chamado Bono das persoas autónomas, no ano 2022. A Xunta tardou 10 meses en concedela, e aínda despois dese retraso, só lle fixo o pago o 15 de decembro. O problema é que ese pago chegou tarde: dez días despois da data límite que a propia Xunta de Galicia fixara para facer os investimentos (o 5 de decembro) e a só cinco días do prazo para presentar a documentación (o 20 de decembro).

A pesar de todo, o autónomo fixo o investimento o 7 de decembro —antes de recibir os cartos— e xustificouno correctamente. Con todo, un ano despois, en xaneiro de 2024, a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade pediulle que devolvese os 2.000 euros da axuda porque, segundo eles, gastara o diñeiro fóra de prazo.

O TSXG non só lle deu a razón ao afectado, senón que criticou duramente á Xunta de Galicia por actuar de mala fe e por ser a responsable da situación ao

Asinado o día 13/06/2025 ás 12:01
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 13/06/2025 ás 12:00
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

91902

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2025 12:08:46
Nº Rexistro: 27384
Data envío: 13/06/2025 12:08:46,447

demorar o pago. Ademais, deixou claro que os gastos se fixeron correctamente e para o fin previsto.

Este caso non é unha excepción. Hai máis resolucións xudiciais que apuntan na mesma dirección: denegacións arbitrarias, falta de sentido común, ou decisións baseadas unicamente en formalismos. Nalgúns casos, rexeitouse unha axuda porque o ingreso se fixo no banco en lugar dunha transferencia.

É evidente que algo non funciona. O modelo de apoio ao emprego autónomo da Xunta de Galicia necesita unha revisión a fondo, máis aínda cando a propia xustiza está cuestionando o seu funcionamento. Urxe corrixir estas deficiencias para que as axudas cheguen a quen as necesita.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

1. Revisar con carácter urgente a tramitación e o sistema de pagamento das axudas ao emprego autónomo, garantindo que os prazos administrativos non prexudiquen ás persoas beneficiarias e que se respecte a finalidade real das subvencións.
2. Crear mecanismos de seguimento e avaliación das axudas ao autoemprego, en colaboración coas organizacións representativas das persoas autónomas, para detectar problemas e mellorar a súa xestión.

Santiago de Compostela, a 12 de xuño do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

91903

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 13/06/2025 12:00:57

Elena Espinosa Mangana na data 13/06/2025 12:01:23

Silvia Longueira Castro na data 13/06/2025 12:01:36

José Ramón Gómez Besteiro na data 13/06/2025 12:01:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2025 12:08:46
Nº Rexistro: 27384
Data envío: 13/06/2025 12:08:46,447

CSV: BOPGDSPG-XWkTpOxo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2025 12:08:46
Nº Rexistro: 27384
Data envío: 13/06/2025 12:08:46,447

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/06/2025 12:08:47

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2025 12:25:14
Nº Rexistro: 27387
Data envío: 13/06/2025 12:25:14.028

Asinado o día 13/06/2025 ás 12:17
Por Patricia Iglesias F

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Paloma Castro Rey, Silvia Longueira Castro e Patricia Iglesias Rey**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sistema de xestión procesual Minerva implantouse nos xulgados de Galicia en varias fases, comezando coa migración desde o sistema anterior, Libra, entre os anos 2007 e 2009.

A versión máis avanzada, chamada Minerva NOX, púxose en funcionamento o 4 de maio de 2010, coincidindo coa entrada en vigor da Nova Oficina Xudicial (NOX). Esta implantación afectou a unhas 50 sedes xudiciais e a aproximadamente 2.000 persoas usuarias en toda a comunidade.

Desde aquela, Minerva foi evolucionando con novas versións pero sempre en castelá a pesar do compromiso do Goberno galego.

A pesar destes cambios o sistema seguiu dando algúns problemas e a quedar obsoleto en relación ao avance na dixitalización da xustiza, polo que no ano 2021 o Ministerio de Xustiza para mellorar a tramitación electrónica e automatizada dos procedementos xudiciais desenvolveu un novo sistema denominado sistema Atenea cuxa implantación iniciouse xa de forma progresiva nese ano 2021 en varias comunidades autónomas.

A implantación de Atenea en Galicia está prevista para 2025, segundo o Plan de migración establecido polo Ministerio de Xustiza. Este plan forma parte

Asinado o día 13/06/2025 ás 12:17
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 13/06/2025 ás 12:17
Por Paloma Castro Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

91906

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-XWkTpVoxo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2025 12:25:14
Nº Rexistro: 27387
Data envío: 13/06/2025 12:25:14.028

dunha estratexia máis ampla de transformación dixital da Xustiza, que inclúe a modernización das infraestruturas tecnolóxicas, a mellora da ciberseguridade e a automatización de procesos para reducir a carga administrativa e mellorar a eficiencia do sistema xudicial.

A nova versión de Atenea, dispoñible desde o 13 de marzo de 2023, introduciu melloras funcionais baseadas nas solicitudes das persoas usuarias, como a automatización do rexistro de trámites e a integración directa de escritos presentados por LexNET. Estas melloras permitirán aforrar un tempo estimado de case 8.000 horas de traballo manual ao ano e mellorar a calidade dos datos e a ciberseguridade do sistema.

O sistema Minerva de xestión procesal implementouse unicamente en idioma castelán, argumentando o goberno galego que posteriormente se faría unha versión en galego, cosa que nunca sucedeu.

Na actualidade o Goberno galego non aclarou o idioma co que vai implementar o sistema Atenea nos xulgados galegos polo que na vista dos antecedentes as e os socialistas tememos que volva a ser o castelán o idioma único deste sistema deixando novamente o galego ao marxe da Administración de xustiza.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia á implementación do novo programa xudicial (Atenea) en lingua galega, co fin de permitir que os profesionais da xustiza poidan desenvolver o seu traballo en lingua galega.

Santiago de Compostela, a 13 de xuño do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

91907

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-XWkTpVoxo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 13/06/2025 12:17:40

Silvia Longueira Castro na data 13/06/2025 12:17:46

Patricia Iglesias Rey na data 13/06/2025 12:17:56

José Ramón Gómez Besteiro na data 13/06/2025 12:18:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2025 12:25:14
Nº Rexistro: 27387
Data envío: 13/06/2025 12:25:14.028

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/06/2025 12:25:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2025 12:25:14
Nº Rexistro: 27387
Data envío: 13/06/2025 12:25:14.028

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 13/06/2025
13:45
Por Luis Bará Torres

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e dos deputados **Oscar Insua Lema** e **Luis Bará Torres**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª**, relativa á reprobación da actuación do Concello de Moraña ante a declaración de loito oficial na que homologa o tratamento dunha muller presunta vítima de feminicidio e dun matratador condenado e reincidente.

Asinado o día 13/06/2025 ás
13:44
Por Óscar Insua Lema

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente o noso país viviu con conmoción como o sábado 31 de maio uns sendeiristas atopaban un coche ardido. A investigación puido confirmar a localización do cadáver dunha muller e dun home que, despois das probas de ADN, foron identificados como dous veciños do Concello de Moraña que estaban desaparecidos. A muller localizada era vítima de violencia machista e así constaba no sistema Viogén. Así mesmo, o home localizado era un maltratador reincidente e condenado que presuntamente tería que estar ingresado no cárcere.

Despois destes feitos o Concello de Moraña decidiu proclamar o loito oficial cun comunicado que escandalizou á sociedade por ignorar conscientemente calquera referencia á situación de violencia de xénero e por dar un tratamento conxunto e idéntico ás dúas persoas falecidas, afondando na revitimización e supoñendo unha banalización e secundarización da violencia machista e da súa extrema gravidade.

Asinado o día 13/06/2025 ás
13:44
Por Noa Presas Bergantiños





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta situación debe obrigar a unha rectificación pública que aínda non sucedeu e, ademais, supoñer un punto de inflexión para que algo destas características non poida volver repetirse no noso país. Galiza conta cunha ampla experiencia en materia de sensibilización, intervención e actuación ante a violencia machista e consta con distintos foros e medios de asesoramento que pode e debe poñer a disposición para que unha situación tan lamentable non poida volver repetirse. Máis aínda cando segundo a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e o seu artigo 4 “Os concellos como administración máis próxima á cidadanía participarán no desenvolvemento desta lei, habilitándose por parte da administración galega os recursos necesarios para tal fin”.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento galego acorda, por resolución, reprobar o comunicado de loito oficial emitido polo Concello de Moraña no que se equiparaba e homologaba unha vítima de violencia de xénero acreditada co seu maltratador, condenado e reincidente e fai un chamamento a que se rectifique polo seu impacto negativo na sensibilización contra a violencia machista nun contexto de avance das posicións negacionistas nas institucións.

Así mesmo, o Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a cooperar institucionalmente, coa colaboración do Observatorio Galego contra a Violencia de Xénero e, singularmente, a Fegamp, para elaborar unha guía de actuación e recomendacións de comunicación pública para os concellos galegos en situacións de posíbeis agresións machistas ou feminicidios”





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 13/06/2025 13:44:49

Óscar Insua Lema na data 13/06/2025 13:44:57

Luis Bará Torres na data 13/06/2025 13:45:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2025 13:46:57
Nº Rexistro: 27397
Data envío: 13/06/2025 13:46:57,057

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2025 13:46:57
Nº Rexistro: 27397
Data envío: 13/06/2025 13:46:57,057

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 13/06/2025 13:46:57

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños**, **Olalla Rodil Fernández** e do deputado **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, relativa ao atraso na apertura do Centro de Atención ás Persoas con Discapacidade de Ourense adxudicado pola Xunta de Galiza en abril de 2025.

Asinado o día 16/06/2025 ás
09:25
Por Olalla Rodil Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As comarcas de Ourense sofren historicamente unha discriminación en materia de servizos públicos esenciais en relación coa atención á discapacidade, salientando a inexistencia dun centro de xestión pública e directa para aqueles usuarios e usuarios que o precisen ao pasar dos 21 anos. É por iso que desde hai máis dunha década a sociedade ourensá e, singularmente, os pais e nais e a Plataforma Procapd mobilizáronse para o conseguir.

Tras anos de loita a Xunta de Galiza, gobernada polo Partido Popular, cedeu e accedeu a orzar e planificar a construción dun centro destas características. Despois dun primeiro proxecto con eivas e de distintos atrasos e dificultades á hora de atopar os terreos, en xuño de 2020 a Xunta de Galiza asinaba coa UTE Construcciones ALEA, S.L. - Proforma Ejecución de Obras y Restauraciones, S.L. o contrato de obras de construción dun centro de atención a persoas con discapacidade en Ourense, sendo de 18 meses o prazo de execución polo que debería estar totalmente rematada a obra do CAPD no mes de febreiro de 2022. A mediados do mes de xuño de 2021 a UTE adxudicataria comunicaba á Xunta de Galiza a imposibilidade de continuar coa

Asinado o día 16/06/2025 ás
09:25
Por Noa Presas Bergantiños





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

execución do contrato asinado polo que procedía á paralización da construción da obra, extremo do que o goberno galego en ningún momento informou, nin tampouco tomou medidas ata que esta cuestión foi denunciada polas familias. No 2022, cando as obras tiñan que ser unha realidade, levaban seis meses paralizadas ata que o goberno galego recoñeceu en sede parlamentaria ante o BNG ter a situación bloqueada polo impacto da crise de prezos. Despois da insistencia das familias houbo un novo proceso de contratación que obtivo no outono de 2022 a empresa COPASA. Porén, en xaneiro de 2023 seguía sen coñecerse a reprogramación desta obra máis alá de vaguidades e dunha nova promesa para xaneiro de 2024, tamén incumprida.

Finalmente, confirmouse o incumprimento por parte do goberno da Xunta de impulsar este centro cun modelo de xestión pública e directa. Así, o Consello da Xunta de Galiza do 27/12/2024 tomaba un acordo polo que se autorizaba a tramitación do expediente de gasto relativo ao procedemento de contratación, suxeito á regulación harmonizada, do servizo de xestión integral do Centro de atención a persoas con discapacidade de Ourense, titularidade da Xunta de Galicia, por un montante estimado total de trece millóns noventa e seis mil seiscientos tres euros con doce céntimos (13.956.603,12€) incumprindo distintos acordos políticos e institucionais.

A licitación previa, na súa documentación, o inicio do funcionamento para o 1 de abril de 2025, aínda que finalmente a adxudicación foi resolta en 04-04-2025 por un montante de 8.068.523,24 € e un prazo de execución de dous anos.

Pasados máis de dous meses desta data, o centro continúa sen abrir, causando un prexuízo ás familias e á sociedade. Máis aínda, hai coñecemento de que no interior do edificio continúan realizándose cando menos obras menores.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Realizar as accións oportunas para garantir a apertura e posta en marcha inmediata do Centro de Atención de Persoas con Discapacidade de Ourense.
2. Remitir ao Parlamento Galego un informe exhaustivo sobre as razóns da demora na apertura onde se detallen as actuacións realizadas despois da adxudicación e o orzamento final desagregado da construción”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 16/06/2025 9:25:13

Olalla Rodil Fernández na data 16/06/2025 9:25:25

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 16/06/2025 9:25:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2025 09:33:10
Nº Rexistro: 27432
Data envío: 16/06/2025 09:33:10.226

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/06/2025 9:33:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2025 09:33:10
Nº Rexistro: 27432
Data envío: 16/06/2025 09:33:10.226

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada e deputados **Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre as actuacións do sistema de protección de vítimas de violencia machista e as declaracións do Subdelegado do Goberno en Pontevedra ante o crime machista ocorrido o 31 de maio en Campo Lameiro (Moraña, Pontevedra).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 31 de maio apareceu un coche calcinado en Campo Lameiro (Moraña, Pontevedra). No seu interior atopábanse os corpos de Marisol Costa, vítima de violencia machista, e do seu maltratador, Ramón García, reincidente e condenado. Cómpre recordar que a vítima se atopaba, co máximo nivel de risco, no sistema Viogén e que, polo tanto, é preciso aínda esclarecer o grao de corrección na aplicación das medidas de protección e, en todo caso, analizar que melloras é preciso impulsar. Esa debe ser a reacción de todas as institucións cando ocorre un feminicidio que estaba dentro do sistema.

Máis aínda, ante un caso deste tipo, as distintas institucións teñen unha responsabilidade na comunicación pública da información sobre os casos, singularmente no que atinxe a non dar pé a revitimizar ou cuestionar ás vítimas.

É por iso que é incomprensible que, nesta situación, o Subdelegado do Goberno en Pontevedra ao explicar a investigación en curso sobre estes feitos, realice unhas declaracións absolutamente irresponsables que contraveñen todo o lexislado e avanzado en materia de violencia machista afirmando que “non se pode protexer a quen non quere





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

que a protexan”, en relación ao feito de que a vítima presuntamente convivía co agresor malia contar cunha orde de protección. Indicou que “todos somos adultos e independentes” e que “non pode haber vixilancia as 24 horas e os sete días da semana para ninguén e menos para quen non quere que a protexan”. Para finalizar, eloxiou a labor das forzas e corpos de seguridade do Estado neste caso. Respecto ao feito de que presuntamente o Xulgado deixara en liberdade ao agresor días antes, engadiu que estamos ante “un Estado garantista”.

A isto é preciso engadir que o Concello de Moraña decidiu proclamar o loito oficial cun comunicado que escandalizou á sociedade por ignorar conscientemente calquera referencia á situación de violencia de xénero e por dar un tratamento conxunto e idéntico ás dúas persoas falecidas, afondando na revitimización e supoñendo unha banalización e secundarización da violencia machista e da súa extrema gravidade.

É preciso que este tipo de comunicación pública non se volva reiterar e, así mesmo, como cada vez que é asasinada unha muller que constaba no sistema de protección debe revisarse o caso para asegurarse da existencia ou non de responsabilidade pública ou de marxe de mellora de actuación.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento galego acorda, por resolución, reprobar as declaracións públicas do Subdelegado do Goberno de Pontevedra en relación ao feminicidio de Campo Lameiro así como o comunicado de loito oficial do Concello de Moraña por supoñer unha falta de responsabilidade cara as vítimas de violencia machista e apela á responsabilidade das institucións e das e dos representantes institucionais á hora de pronunciarse publicamente.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asemade, o Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a impulsar, en colaboración coas institucións pertinentes, a revisión do feminicidio de Moraña de cara a avaliar a corrección da aplicación dos mecanismos previstos e posibles de intervención psicosocial e protección policial así como aquelas conclusións que poidan axudar a mellorar a cadea de intervención e trasladalas nos foros de cooperación interinstitucional .”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 16/06/2025 10:00:17

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 16/06/2025 10:00:38

Luis Bará Torres na data 16/06/2025 10:00:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2025 10:08:36
Nº Rexistro: 27439
Data envío: 16/06/2025 10:08:36.070

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/06/2025 10:08:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2025 10:08:36
Nº Rexistro: 27439
Data envío: 16/06/2025 10:08:36.070

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Secundino Fernández Fernández** e das deputadas **Iria Carreira Pazos** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a falla de medios para a realización de mamografías no hospital de Valdeorras e o traslado de usuarias ao hospital de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación sanitaria de Galiza é grave. Valdeorras non é alleo a esta situación, máis ben estamos peor. O Hospital de Valdeorras está nunha situación límite e a cidadanía ten que estar día si e día tamén manifestándose na súa defensa para evitar o seu desmantelamento.

A esta situación engádese un problema grave de falla de comunicacións coa cidade de Ourense a que son derivados os usuarios da sanidade pública. Non fai falla que lles diga os km que hai dende calquera concello do distrito ou o tempo que leva ou a falla de transporte públicos.

O último destes problemas do noso hospital de referencia e da atención médica que se presta nel saltou aos medios de comunicación nestes días. Agora resulta que as mulleres do distrito de Valdeorras teñen que ir facer as mamografías ao hospital de Ourense. Un problema que se estaba a producir dende fai tempo e que demostra a grave falla de atención no ámbito deste distrito sanitario. Un problema con tintes de discriminación cara as mulleres. Esta nova de grande transcendencia trae consigo unha





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

grande preocupación aos usuarios do hospital de Valdeorras e tamén a todas as veciñas e veciños da comarca e do distrito sanitario.

Estamos ante un grave ataque a base sanitaria da nosa comarca. Como pode ser que unha proba diagnóstica tan común e tan necesaria se traslade a Ourense

A consellería de Sanidade, non tomou ningunha medida ante as queixas das mulleres que teñen que trasladarse tres horas en vehículo propio ou facer un recorrido en transporte público de tempo indeterminado para someterse a unha proba que leva uns minutos. Unha proba por outra banda, necesaria e obrigatoria para previr un dos cancros máis comúns e que afecta maioritariamente as mulleres; unha proba que realizan practicamente toda a poboación feminina.

A Consellería de Sanidade e o SERGAS tampouco explicou o por que desta situación nin que problemas existen para aplicarlles as mulleres de Valdeorras tremendo castigo, o por que desta actuación en detrimento dunha atención pública e de calidade a poboación deste distrito sanitario e do hospital público do Barco de Valdeorras.

Ao BNG parécenos realmente vergoñento que a consellería de sanidade dependente da Xunta gobernada polo PP deixe ao hospital de referencia desta importante comarca sin este servizo tan necesario para unha adecuada asistencia sanitaria.

Ante este despropósito dende o Bloque Nacionalista Galego e ante a fonda preocupación existente na veciñanza do distrito sanitario de Valdeorras esiximos a Xunta de Galiza, a Xunta do PP que reverta dun xeito urxente este despropósito en contra das mulleres do noso distrito sanitario, esiximos parar con esta violencia sanitaria cara as mulleres.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O parlamento insta a Xunta a pór en funcionamento de xeito urxente o servizo de mamografías no hospital publico do Barco de Valdeorras de xeito que todos os usuarios fundamentalmente as mulleres podan facer esta proba diagnóstica neste hospital”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 16/06/2025 10:49:49

Iria Carreira Pazos na data 16/06/2025 10:50:19

María Montserrat Prado Cores na data 16/06/2025 10:50:28

Ana Pontón Mondelo na data 16/06/2025 10:50:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2025 10:53:46
Nº Rexistro: 27448
Data envío: 16/06/2025 10:53:46.235

CSV: BOPGDSPG-XWkTpOxo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2025 10:53:46
Nº Rexistro: 27448
Data envío: 16/06/2025 10:53:46,235

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/06/2025 10:53:47

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2025 12:43:19
Nº Rexistro: 27456
Data envío: 16/06/2025 12:43:19.725

Asinado o día 16/06/2025 ás 12:41
Por Daniel Castro García

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Mercedes Queixas Zas** e **Iria Taibo Corsanego** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 4ª**, sobre a importancia de actualizar a Lei de normalización lingüística (1983) á emerxencia en que se atopa o galego.

Asinado o día 16/06/2025 ás 12:41
Por Iria Taibo Corsanego

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 15 de xuño de 1983 aprobábase por unanimidade no Parlamento galego a Lei de normalización lingüística.

O regulamento desta lei responde ao establecido no artigo 3 da Constitución e no 5 do Estatuto de Autonomía, co obxectivo de garantir a igualdade do galego e do castelán como linguas oficiais de Galiza e asegurar a normalización do galego como lingua propia do noso pobo.

Transcorridos 42 anos poden destacarse algúns avances na aplicación desta norma que contribuíron a asegurar a presenza social do galego, mais o paso do tempo acabou por confirmar a falta de implicación cun desenvolvemento completo dos diferentes títulos da lei por parte dos sucesivos gobernos da Xunta, moi maioritariamente baixo a responsabilidade do Partido Popular, agás no período 205-2009.

Asinado o día 16/06/2025 ás 12:41
Por Mercedes Queixas Zas

Malia non ser unha normativa esgotada, catro décadas despois, non está á altura das necesidades comunicativas da sociedade actual nin anticipa os novos modelos de interacción dixital, cada vez máis maioritarios e de prestixio e onde é imprescindible a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

presenza dunha lingua minorizada para asegurar a normalización do galego, tal e como define como obxectivo a propia Lei de normalización lingüística.

Un obxectivo que debe centrar a política lingüística do goberno atendendo á evolución negativa da radiografía sociolingüística que presenta a lingua galega nas últimas catro décadas, así como ao actual contexto de emerxencia lingüística para o que todas as institucións académicas, científicas, universitarias e organizacións sociais de gran traxectoria no traballo en normalización lingüística están a demandarlle ao goberno do Partido Popular na Xunta un cambio de rumbo con urxencia.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento insta a Xunta a elaborar unha nova Lei de Normalización Lingüística, que actualice e adapte á realidade da sociedade galega actual e dos entornos sociais, culturais, económicos e tecnolóxicos actuais o texto de referencia para a normalización social do galego”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 16/06/2025 12:41:02

Iria Taibo Corsanego na data 16/06/2025 12:41:08

Daniel Castro García na data 16/06/2025 12:41:16

Ana Pontón Mondelo na data 16/06/2025 12:41:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2025 12:43:19
Nº Rexistro: 27456
Data envío: 16/06/2025 12:43:19.725

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/06/2025 12:43:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2025 12:43:19
Nº Rexistro: 27456
Data envío: 16/06/2025 12:43:19.725

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 16/06/2025 ás 13:41
Por Iago Tabarés Pér

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños**, **Olalla Rodil Fernández** e do deputado **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª**, relativa á necesidade de que a Xunta de Galiza impulse un comité de crise ante a situación de emerxencia por violencia machista no noso país.

Asinado o día 16/06/2025 ás 13:41
Por Olalla Rodil Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No último mes Galiza está a rexistrar unha alta incidencia de feitos graves de violencia machista. Así, nas últimas semanas o noso país viviu intentos de feminicidio que transcendeu á opinión pública a través dos medios de comunicación, como os feitos acontecidos o 20 de maio no Barco de Valdeorras, onde unha muller se tirou dun cuarto piso escapando do seu maltratador que intentaba asasinala; ese mesmo día pola noite un home intentaba prender lume ao fogar da súa exparella e súa filla en Tomiño e dous días despois un home tiroteaba a súa parella en Verín tentando tamén matala.

Posteriormente, o 31 de maio transcendía a localización do corpo sen vida de quen despois se identificaría como Marisol Costa, vítima de violencia, e do seu maltratador reincidente e condenado. Despois deste caso, o 15 de xuño, dúas semanas despois, transcendía o asasinato doutra muller de 49 anos na Coruña, tamén presuntamente asasinada polo seu maltratador.

Asinado o día 16/06/2025 ás 13:40
Por Noa Presas Bergantiños

Máis aínda, hai que salientar que nestes dous feminicidios e en cando menos dous dos tres intentos de feminicidio sinalados, as vítimas constaban no sistema Viogén.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cómpre, ademais, ter en conta que está estudado, tanto polos informes do Ministerio de Igualdade, como por informes do poder xudicial como outros estudos cualitativos que a chegada do período estival, con tempo de lecer e incremento das temperaturas e das convivencias, supoñen un incremento do risco en materia de violencia de xénero.

Ante estes feitos é necesario que as administracións actúen e non permanezan pasivas. É preciso revisar todos e cada un dos casos con premura e avaliar se houbo algún fallo ou insuficiencia a corrixir ou se hai marxe de mellora da intervención. Non facelo envía unha mensaxe de pasividade á sociedade que non se pode consentir. Así mesmo, é preciso revisar, de cara ao verán, todos os mecanismos de funcionamento e cooperación interinstitucional así como os protocolos e, asemade, avaliar os incrementos de recursos, accións, medidas ou campañas necesarios.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento Galego insta a Xunta de Galiza a impulsar un comité de crise ante a emerxencia por violencia machista que vive Galiza implicando a todas as administracións, entidades e organismos implicados en Galiza na sensibilización, prevención e intervención ante a violencia de xénero para:

1. Avaliar conxuntamente os últimos feminicidios e intentos de feminicidio e revisar se o funcionamento da cadea de resposta foi adecuado e as marxes de mellora, especialmente no que ten a ver coa protección das vítimas e a vixilancia dos denunciados.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Avaliar a situación de incremento de risco coa chegada do período estival e revisar os protocolos de cooperación institucional así como os recursos dispoñibles de cara ao seu incremento e reorganización en todos os ámbitos implicados”.

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 16/06/2025 13:40:50

Olalla Rodil Fernández na data 16/06/2025 13:41:02

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 16/06/2025 13:41:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2025 13:44:05
Nº Rexistro: 27472
Data envío: 16/06/2025 13:44:05.250

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 16/06/2025 13:44:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/06/2025 13:44:05
Nº Rexistro: 27472
Data envío: 16/06/2025 13:44:05.250

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/06/2025 12:17:45
Nº Rexistro: 27521
Data envío: 17/06/2025 12:17:45,645

Asinado o día 17/06/2025 ás 12:16
Por Brais Ruanova Vi

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada e deputados **Iria Taibo Corsanego, Ramón Fernández Alfonso e Brais Ruanova Vilas-Boas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, sobre a cesión dos terreos da Cros, en Culleredo.

Asinado o día 17/06/2025 ás 12:16
Por Ramón Fernández Alfonso

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nas últimas semanas, anunciouse que o alcalde de Culleredo vai volver levar ao Pleno deste Concello o proxecto para ceder os terreos da antiga fábrica da Cros, no Burgo, á Fundación CETIM, que fora rexeitado hai máis dun ano nesta mesma institución.

O obxectivo do proxecto é o desenvolvemento dun centro de investigación e foi amplamente descrito nos medios de comunicación. O Concello informou de que “existe consenso”, segundo declaracións recollidas literalmente na prensa escrita, entre a Xunta, a Deputación e o goberno local de Culleredo para concorrer a unhas subvencións da Xunta de Galiza para a dotación de centros tecnolóxicos coas que o proxecto podería obter 10 millóns de euros.

Os terreos da antiga fábrica da Cros esténdense ao longo de 15.000 metros cadrados, en dúas parcelas que son de titularidade pública (unha delas, a que acolle o maior edificio, é un ben de dominio público con destino de equipamento escolar e a outra é un ben patrimonial con uso comercial). O Concello propón a igualación da cualificación xurídica destas dúas parcelas e, posteriormente, unha concesión demanial por adxudicación directa, que é posíbel levar a cabo por tratarse dunha entidade sen ánimo de lucro e declarada de interese público. Porén, a fundación CETIM (Centro Tecnolóxico de

Asinado o día 17/06/2025 ás 12:16
Por Iria Taibo Corsanego





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Investigación Multisectorial) declara unha facturación anual de 6 millóns de euros (a pesar de que esta información desapareceu da súa páxina web). De acordo co proxecto, o CETIM, que actualmente está instalado no polígono de Alvedro, trasladaríase á Cros.

O rexeitamento deste proxecto no Pleno do Concello de Culleredo de 2024 fundamentouse precisamente na cesión dun espazo público a unha entidade privada. A Cros é un espazo emblemático da ría do Burgo, que corresponde á estrutura, ademais doutros elementos, dunha antiga fábrica de fertilizantes construída en 1931 e que estivo en funcionamento até os anos 80 do século XX. Esta estrutura e terreos poderían servir para usos públicos, e seren aproveitados así por toda a veciñanza de Culleredo e da área, como corresponde por tratarse de patrimonio público.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a apoiar economicamente a recuperación das instalacións da antiga fábrica da Cros para o seu uso público.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 17/06/2025 12:16:09

Ramón Fernández Alfonzo na data 17/06/2025 12:16:30

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 17/06/2025 12:16:37

Ana Pontón Mondelo na data 17/06/2025 12:16:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/06/2025 12:17:45
Nº Rexistro: 27521
Data envío: 17/06/2025 12:17:45,645

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/06/2025 12:17:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/06/2025 12:17:45
Nº Rexistro: 27521
Data envío: 17/06/2025 12:17:45,645

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/06/2025 13:30:06
Nº Rexistro: 27531
Data envío: 17/06/2025 13:30:06.405

Asinado o día 17/06/2025 ás 13:24
Por Carlos López Font

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Elena Espinosa Mangana, Paloma Castro Rey** e **Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O desenvolvemento e mantemento de infraestruturas públicas de calidade constitúe un alicerce esencial para o progreso económico, a cohesión territorial e o benestar da sociedade galega. No caso de Galicia, a mellora e modernización das estradas adquire unha relevancia estratéxica para garantir a igualdade de oportunidades, a mobilidade segura e o acceso aos servizos básicos por parte da cidadanía.

Neste contexto, é imprescindible prestar atención ás necesidades viarias e peonís do concello de Tomiño, particularmente naqueles lugares onde a falta de infraestruturas adecuadas supón un risco para a seguridade das persoas.

Un exemplo destacado é San Salvador de Tebra, onde a estrada PO-344, dende a subida á igrexa ata o cruce da entrada a Santa María, presenta unha zona con múltiples establecementos, entre eles unha farmacia, varios comercios, un restaurante e tres paradas de autobús escolar e interurbano a cada lado. Porén, a entrada a Santa María representa un perigo viario significativo, un problema que se tiña previsto solucionar mediante a construción dunha rotonda que, ata o de agora, non se levou a cabo. O principal argumentario para reclamar esta infraestrutura baséase na necesidade de garantir a seguridade viaria, dada a alta concentración de servizos, tránsito e persoas nesta contorna.

Asinado o día 17/06/2025 ás 13:24
Por Paloma Castro Rey

Asinado o día 17/06/2025 ás 13:24
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

91943

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-XWkTpOxo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/06/2025 13:30:06
Nº Rexistro: 27531
Data envío: 17/06/2025 13:30:06.405

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que retome e execute con carácter prioritario o proxecto de construción dunha rotonda na entrada a Santa María de Tebra, coa finalidade de mellorar a seguridade viaria da zona, así como a mobilidade peonil e o acceso seguro aos servizos existentes.

Santiago de Compostela, a 17 de xuño do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

28071 Madrid

91944

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-XWkTpOxo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 17/06/2025 13:24:40

Paloma Castro Rey na data 17/06/2025 13:24:50

Carlos López Font na data 17/06/2025 13:24:58

José Ramón Gómez Besteiro na data 17/06/2025 13:25:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/06/2025 13:30:06
Nº Rexistro: 27531
Data envío: 17/06/2025 13:30:06.405

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/06/2025 13:30:12



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/06/2025 13:30:06
Nº Rexistro: 27531
Data envío: 17/06/2025 13:30:06.405

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/06/2025 13:42:13
Nº Rexistro: 27541
Data envío: 17/06/2025 13:42:13.909

Asinado o día 17/06/2025 ás 13:27
Por Carlos López Font

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Elena Espinosa Mangana, Patricia Iglesias Rey e Carlos López Font**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O desenvolvemento e mantemento de infraestruturas públicas de calidade constitúe un alicerce esencial para o progreso económico, a cohesión territorial e o benestar da sociedade galega. No caso de Galicia, a mellora e modernización das estradas adquire unha relevancia estratéxica para garantir a igualdade de oportunidades, a mobilidade segura e o acceso aos servizos básicos por parte da cidadanía.

Neste contexto, é imprescindible prestar atención ás necesidades viarias e peonís do concello de Tomiño, particularmente naqueles lugares onde a falta de infraestruturas adecuadas supón un risco para a seguridade das persoas.

Un exemplo destacado é San Salvador de Tebra, onde a estrada PO-344, dende a subida á igrexa ata o cruce da entrada a Santa María, presenta unha zona con múltiples establecementos, entre eles unha farmacia, varios comercios, un restaurante e tres paradas de autobús escolar e interurbano a cada lado. Porén, a entrada a Santa María representa un perigo viario significativo, un problema que se tiña previsto solucionar mediante a construción dunha rotonda que, ata o de agora, non se levou a cabo. O principal argumentario para reclamar esta infraestrutura baséase na necesidade de garantir a seguridade viaria, dada a alta concentración de servizos, tránsito e persoas nesta contorna.

Asinado o día 17/06/2025 ás 13:27
Por Patricia Iglesias Rey

Asinado o día 17/06/2025 ás 13:27
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

91947

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-XWkTpVoxo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/06/2025 13:42:13
Nº Rexistro: 27541
Data envío: 17/06/2025 13:42:13.909

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que dote economicamente as actuacións necesarias para poder retomar e executar con carácter prioritario o proxecto de construción dunha rotonda na entrada a Santa María de Tebra, coa finalidade de mellorar a seguridade viaria da zona, así como a mobilidade peonil e o acceso seguro aos servizos existentes.

Santiago de Compostela, a 17 de xuño do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

91948

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 17/06/2025 13:27:40

Patricia Iglesias Rey na data 17/06/2025 13:27:49

Carlos López Font na data 17/06/2025 13:27:57

José Ramón Gómez Besteiro na data 17/06/2025 13:28:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/06/2025 13:42:13
Nº Rexistro: 27541
Data envío: 17/06/2025 13:42:13.909

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/06/2025 13:42:13
Nº Rexistro: 27541
Data envío: 17/06/2025 13:42:13.909

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/06/2025 13:42:14

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 27548
Data envío: 17/06/2025 14:04:24.861

Asinado o día 17/06/2025 ás 13:56
Por Elena Espinosa Mangana

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **María del Carmen Rodríguez Dacosta, Lara Méndez López, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector do comercio de alimentación da provincia de Ourense vive un momento de conflito laboral sen precedentes, cunha folga histórica convocada para reclamar un convenio colectivo digno.

Trátase do primeiro paro xeral no sector na provincia, promovido polas centrais sindicais CIG, CCOO, UGT e USO, e que contou cun apoio maioritario por parte das traballadoras e traballadores afectados.

Este convenio, que atinxe fundamentalmente o persoal dos supermercados Gadis, Froiz e Cuevas, mantén unhas condicións laborais claramente discriminatorias en relación con outras provincias galegas. No vixente convenio 2021–2024, as subas salariais foron mínimas (entre 25 e 30 euros por paga) mentres o IPC acumulado superou o 18 %. Segundo datos sindicais, cada persoa traballadora perdeu de media 3.838 euros nestes anos.

En 2024, o salario da categoría de caixeira/o situouse en 16.198 euros anuais, inferior ao Salario Mínimo Interprofesional (16.576 €), feito que supón unha

Asinado o día 17/06/2025 ás 13:55
Por Lara Méndez López

Asinado o día 17/06/2025 ás 13:55
Por Carmen Rodríguez Dacosta

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

91951

28071 Madrid

Por José Ramón Gómez Besteiro

CSV: BOPGDSPG-XWkTpVoxo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 27548
Data envío: 17/06/2025 14:04:24.861

posible vulneración da normativa vixente e evidencia a situación de precariedade extrema do persoal.

Ademais, o sector carece do plus de antigüidade e outros dereitos recoñecidos noutros convenios provinciais do comercio.

A proposta da parte social contempla alcanzar un salario de 19.500 euros en 2026 e introducir mecanismos de revisión salarial vinculados ao IPC, xunto con medidas de promoción profesional e mellora das condicións laborais.

Pola contra, a patronal pretende atrasar esa cifra ata o ano 2027, sen cláusula de revisión nin compensación por atrasos. A actitude das empresas foi cualificada como inmovilista e mesmo intimidatoria, ao chegar a distribuír folletos individualizados co nome das persoas traballadoras, xerando un clima de presión e malestar.

Cómpre lembrar que, segundo datos sindicais, as empresas afectadas incrementaron os seus beneficios de forma notable: Cuevas en máis dun 70 %, Froiz en case un 98 % e Gadis nun 64 %. Isto contrasta coas condicións precarias do persoal que sustenta estes beneficios.

Neste contexto, considérase imprescindible que a Xunta de Galicia asuma o seu papel de mediadora, defensora do cumprimento da legalidade e garante de condicións laborais dignas, adoptando unha posición activa para favorecer unha saída xusta ao conflito.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

91952

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 27548
Data envío: 17/06/2025 14:04:24.861

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

1. Requerir da autoridade laboral competente a comprobación do cumprimento efectivo da normativa vixente, nomeadamente en relación co respecto ao Salario Mínimo Interprofesional e á posibilidade de vulneración de dereitos fundamentais das traballadoras e traballadores do sector.
2. Apoiar, no marco das súas competencias, medidas que garantan a mellora das condicións laborais e salariais do sector do comercio alimentación de Ourense, en defensa do principio igual traballo, igual salario , para rematar ca discriminación de Ourense con respecto as demais provincias Galegas.

Santiago de Compostela, a 17 de xuño de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

91953

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 17/06/2025 13:55:40

Lara Méndez López na data 17/06/2025 13:55:50

Elena Espinosa Mangana na data 17/06/2025 13:56:06

Silvia Longueira Castro na data 17/06/2025 13:56:13

José Ramón Gómez Besteiro na data 17/06/2025 13:56:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 27548
Data envío: 17/06/2025 14:04:24.861

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/06/2025 14:04:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 27548
Data envío: 17/06/2025 14:04:24.861

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/06/2025 16:49:05
Nº Rexistro: 27552
Data envío: 17/06/2025 16:49:05.809

Asinado o día 17/06/2025 ás 16:44
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Julio Ernesto Abalde Alonso** e **Silvia Longueira Castro**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación das instalacións do IES Concepción Arenal de Ferrol está a dificultar gravemente as actividades académicas do centro. O IES Concepción areal é un dos centros da cidade de Ferrol que ten un maior número de estudantes.

No ano 2023 a Xunta de Galicia anunciou un acordo co Concello de Ferrol con importantes fondos destinados a mellora dos centros educativos da cidade, entre os que se encontraba o IES Concepción Arenal, no que se proveía cubrir unha das pistas deportivas para poder impartir educación física en esas instalacións.

En este momento o incremento de horas de educación física, combinada con carecer dun espazo adecuado, provoca que esta docencia teña que desenvolverse nun espazo, a aula de usos múltiples, que impide a realización de moitas das actividades académicas, como é correr, xogos con balón, etc. e incluso que se teñan que realizar nos corredores dos centros. Esta situación produce ademais solapamento de dúas os tres grupos no mesmo espazo en días de choiva.

A comunidade educativa ven reclamando a construción dun espazo apropiado para poder impartir con normalidade unha materia, educación física, que é de

Asinado o día 17/06/2025 ás 16:44
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 17/06/2025 ás 16:44
Por Julio Abalde Alonso

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

91956

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-XWkTpOxo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/06/2025 16:49:05
Nº Rexistro: 27552
Data envío: 17/06/2025 16:49:05.809

impartición obrigatoria, reivindicación que non é nova xa que a dirección do centro e a Asociación de Nais e Pais levan anos solicitando e reclamando que as administracións con competencias, Xunta de Galicia e Concello, atenda esta xusta petición e melloren as instalación do centro.

Como indicamos anteriormente, en decembro do 2023, o Alcalde é o Conselleiro de Educación comprometeron, e anunciaron publicamente, que esta intervención formaría parte dos investimento que, dentro do plan de Arquitectura Pedagóxica, a Xunta comezaría a tramitar no ano 2024.

Pois ben, estamos xa na segunda metade do ano 2025 en non se ten coñecemento de que exista ningún inicio de tramitación ou decisión de que esta proxecto de cubrir unha pista deportiva teña visos de ser abordada. De feito as nais e pais do centro, a pesar de telo reclamado en diversas ocasións, non teñen información da situación dos trámites, nin a través do Concello nin da Xunta de Galicia.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que:

1. Inicie nesta ano 2025 os trámites para dotar ao IES Concepción Arenal das instalacións deportivas cubertas que permita a realización de forma adecuada da docencia de educación física en todos os grupos do centro.
2. Se comprometa a dar unha solución provisoria mentres se realizan as obras da instalación deportiva cuberta.

Santiago de Compostela, a 17 de xuño do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

91957

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 17/06/2025 16:44:33

Silvia Longueira Castro na data 17/06/2025 16:44:41

José Ramón Gómez Besteiro na data 17/06/2025 16:44:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/06/2025 16:49:05
Nº Rexistro: 27552
Data envío: 17/06/2025 16:49:05.809

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/06/2025 16:49:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/06/2025 16:49:05
Nº Rexistro: 27552
Data envío: 17/06/2025 16:49:05.809

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/06/2025 18:09:32
Nº Rexistro: 27561
Data envío: 17/06/2025 18:09:32.925

Asinado o día 17/06/2025 ás 18:04
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Patricia Iglesias Rey** e **Paloma Castro Rey**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), como ente público dependente da Xunta de Galicia, cumpre unha función esencial na promoción e dinamización da economía galega, o apoio ao tecido empresarial, a atracción de investimentos e a planificación de políticas públicas no eido económico.

No seu marco de actuación, a oficina económica do Igape desempeña tarefas estratéxicas que inclúen a análise económica, a elaboración de informes, a avaliación de programas e o deseño de políticas de desenvolvemento.

Nos últimos anos, constatouse unha crecente tendencia á externalización destas funcións clave a empresas privadas, incluíndo informes técnicos, asesoramentos estratéxicos e mesmo labores de xestión de fondos públicos. Esta externalización supón, en moitos casos:

- A perda de control directo sobre información sensible e estratéxica da economía galega.
- A opacidade na toma de decisións, ao quedar fóra do marco da función pública.
- Un incremento do gasto público destinado a contratacións externas, en detrimento do fortalecemento dos cadros de empregados públicos e técnicos internos.

Asinado o día 17/06/2025 ás 18:04
Por Paloma Castro Rey

Asinado o día 17/06/2025 ás 18:04
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

91960

28071 Madrid

@PSdeG



- A desvalorización do traballo do persoal do Igape, así como a limitación das capacidades da administración galega para xerar coñecemento propio.

O uso moderado e xustificado da externalización pode ter sentido en casos puntuais e altamente especializados, pero a súa utilización sistemática e xeneralizada representa un risco para a autonomía, a eficacia e a transparencia da administración pública. Unha oficina económica forte, con recursos e capacidade técnica interna, é clave para o deseño dunha política económica galega ao servizo do interese xeral público.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

1. Realizar unha auditoría completa e pública sobre os contratos de externalización realizados pola oficina económica do Igape nos últimos cinco anos, detallando os custos, empresas contratadas, obxectos dos contratos e resultados obtidos.
2. Elaborar un plan de reforzo do persoal técnico interno do Igape, priorizando a contratación e formación de profesionais públicos para desempeñar funcións clave no deseño e execución das políticas económicas.
3. Establecer uns criterios claros e restritivos para o uso da externalización na oficina económica do Igape, limitándoa a casos extraordinarios de necesidade e previa xustificación técnica.
4. Garantir a máxima transparencia na contratación de servizos externos, asegurando a publicidade e control parlamentario sobre este tipo de contratos.

Santiago de Compostela, a 17 de xuño de 2025



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 17/06/2025 18:04:42

Paloma Castro Rey na data 17/06/2025 18:04:50

José Ramón Gómez Besteiro na data 17/06/2025 18:04:58



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/06/2025 18:09:32
Nº Rexistro: 27561
Data envío: 17/06/2025 18:09:32.925

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 17/06/2025 18:09:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/06/2025 18:09:32
Nº Rexistro: 27561
Data envío: 17/06/2025 18:09:32.925

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/06/2025 18:09:51
Nº Rexistro: 27562
Data envío: 17/06/2025 18:09:51.534

Asinado o día 17/06/2025 ás 18:05
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Patricia Iglesias Rey** e **María Elena Espinosa Mangana**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), como ente público dependente da Xunta de Galicia, cumpre unha función esencial na promoción e dinamización da economía galega, o apoio ao tecido empresarial, a atracción de investimentos e a planificación de políticas públicas no eido económico.

No seu marco de actuación, a oficina económica do Igape desempeña tarefas estratéxicas que inclúen a análise económica, a elaboración de informes, a avaliación de programas e o deseño de políticas de desenvolvemento.

Nos últimos anos, constatouse unha crecente tendencia á externalización destas funcións clave a empresas privadas, incluíndo informes técnicos, asesoramentos estratéxicos e mesmo labores de xestión de fondos públicos. Esta externalización supón, en moitos casos:

- A perda de control directo sobre información sensible e estratéxica da economía galega.
- A opacidade na toma de decisións, ao quedar fóra do marco da función pública.
- Un incremento do gasto público destinado a contratacións externas, en detrimento do fortalecemento dos cadros de empregados públicos e técnicos internos.

Asinado o día 17/06/2025 ás 18:05
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 17/06/2025 ás 18:05
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/06/2025 9:26:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 27623
Data envío: 19/06/2025 09:26:52.984

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2025 10:57:02
Nº Rexistro: 27627
Data envío: 19/06/2025 10:57:02.042

Asinado o día 19/06/2025 ás 10:55
Por José Ramón Gón

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **María Elena Espinosa Mangana** e **Patricia Iglesias Rey**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello de Contas de Galicia, no exercicio da súa función fiscalizadora, vén advertindo de maneira reiterada sobre diversas deficiencias na xestión económico-financeira da Administración autonómica e do seu sector público.

Nos informes correspondentes e publicados no 2025, o Consello de Contas sinala o incumprimento sistemático das súas recomendacións por parte do Goberno galego en relación á Conta Xeral, así como irregularidades significativas na contabilidade do Servizo Galego de Saúde (SERGAS).

Ademais, o informe denuncia a falta de transparencia das entidades do sector público galego, especialmente no relativo á rendición de contas e acceso á información financeira. Unha das cuestións máis preocupantes que sinala o órgano fiscalizador é o uso excesivo e inxustificado dos contratos menores, o que pode vulnerar os principios de publicidade, concorrência e eficiencia na contratación pública.

O Parlamento galego, como máximo órgano de representación democrática en Galicia, non pode permanecer alieo a estas advertencias. É urxente esixir

Asinado o día 19/06/2025 ás 10:54
Por Patricia Iglesias Rey

Asinado o día 19/06/2025 ás 10:54
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

92010

28071 Madrid

CSV: BOPGDSPG-XWkTpVoxo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2025 10:57:02
Nº Rexistro: 27627
Data envío: 19/06/2025 10:57:02.042

responsabilidades políticas, promover medidas correctoras inmediatas e garantir o cumprimento das obrigas legais en materia de xestión pública.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a:

1. Establecer mecanismos de control máis estritos para evitar o abuso dos contratos menores e garantir o respecto aos principios de publicidade, concorrência e igualdade na contratación pública.
2. Comparecer no Parlamento de Galicia para dar explicacións detalladas sobre as observacións do Consello de Contas e presentar as medidas que a Xunta de Galicia ten previsto adoptar para corrixir esta situación.

Santiago de Compostela, a 19 de xuño de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

92011

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 19/06/2025 10:54:50

Patricia Iglesias Rey na data 19/06/2025 10:54:59

José Ramón Gómez Besteiro na data 19/06/2025 10:55:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2025 10:57:02
Nº Rexistro: 27627
Data envío: 19/06/2025 10:57:02.042

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/06/2025 10:57:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2025 10:57:02
Nº Rexistro: 27627
Data envío: 19/06/2025 10:57:02.042

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Gonzalo Trenor López, Carmen María Pomar Tojo, Cristina Campero Dorado, María Deza Martínez, Rubén Lorenzo Gómez, Jose Luis Ferro Iglesias, Argimiro Marnotes Fernández, Roberto Rodríguez Martínez, Miguel Ángel Viso Diéguez e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto nos 98, artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

Exposición de motivos:

Galicia parece estar condenada ao monopolio de Renfe ata como mínimo o ano 2030 logo de que o Goberno de España incumpra todas as súas estimacións de prazos e compromisos para liberalizar o transporte ferroviario, en especial, na rede de alta velocidade. Esta circunstancia impide aos galegos desfrutar de beneficios tales como a rebaixa de prezos e unha máis ampla oferta de frecuencias.

Isto é así porque o Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible segue sen realizar os investimentos necesarios para facer posible o cambio de ancho de vía en Galicia (só o treito Madrid-Ourense dispón de ancho internacional) e tampouco posibilita a compra de convois de ancho variable por parte doutros operadores distintos a RENFE -neste momento no resto de España funcionan compañías como Iryo e Ouigo- aos que en breve se sumarán outros operadores.

Contextualizando os compromisos, foi no ano 2024 cando a empresa pública ADIF, administrador estatal de infraestruturas ferroviarias, publicaba os primeiros detalles dunha liberación para Galicia que se esperaba concluída a finais do ano 2026. Agora anuncia un novo retraso nese prazo, demorando a publicación de criterios e normas que regularán todo este proceso como mínimo ata setembro en lugar do 1º trimestre do 2025 como anunciara. De xeito paralelo o Goberno central prevé ampliar o contrato con RENFE na media distancia e *cercanías* pechando as portas tamén na rede convencional a esta liberalización.

Polo exposto, O Grupo Parlamentario Popular de Galicia formula a seguinte proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España e trasladar as seguintes demandas:





1º.- Publicar unha planificación para garantir a chegada da competencia á rede ferroviaria galega, tanto nas rutas de alta velocidade como na rede convencional, incluído os investimentos precisos para o cambio de vía de ancho ibérico a ancho internacional.

2º.- Compensar aos usuarios do ferrocarril en Galicia prexudicados polo monopolio de Renfe e a falta de competencia neste mercado, ofertando billetes máis baratos e un servizo fiable e axustado ás necesidades dos usuarios”.

Santiago de Compostela, 19 de xuño 2025.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 19/06/2025 11:02:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2025 11:10:22
Nº Rexistro: 27665
Data envío: 19/06/2025 11:10:22.294

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2025 11:10:22
Nº Rexistro: 27665
Data envío: 19/06/2025 11:10:22.294

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/06/2025 11:10:23

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2025 12:02:38
Nº Rexistro: 27690
Data envío: 19/06/2025 12:02:38,584

Asinado o día 19/06/2025 ás 12:01
Por Ana Pontón Mont

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e **Oscar Insua Lema**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre a creación dun Oficina Antifraude en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A corrupción constitúe un dos principais desafíos para a calidade democrática, a confianza cidadá nas institucións e a eficiencia da administración pública. As irregularidades na contratación, por exemplo o abuso da contratación discrecional e/ou inxustificada non só supón a ineficiente utilización de recursos públicos, senón que condiciona a mellora do funcionamento e prestación dos servizos públicos e impide o desenvolvemento e crecemento do tecido empresarial.

Numerosos estudos nacionais e internacionais teñen cuantificado os efectos económicos da corrupción. Así, segundo estimacións da Comisión Europea, a corrupción custa á economía da Unión arredor de 120.000 millóns de euros ao ano. No estado español, diversos informes calculan que o impacto económico podería superar os 90.000 millóns anuais, o que supón aproximadamente un 8% do PIB estatal. Na Galiza, aínda que resulta complexo obter datos desagregados e específicos debido á natureza encuberta deste tipo de comportamento e a falla de dilixencia da Xunta de Galiza na súa persecución, existen indicios suficientes para concluír que tamén a corrupción e o uso indebido de fondos públicos teñen causado importantes prexuízos ao erario público, ademais de contribuír á desafección política e social pola sensación de impunidade das persoas presuntamente responsábeis ou relacionadas coas actuacións sospeitosas de corrupción.

Asinado o día 19/06/2025 ás 12:01
Por Oscar Insua Lema

Asinado o día 19/06/2025 ás 12:01
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

A concentración de adxudicacións discrecionais e sen concorrència competitiva nunha entidade ou a existencia de audios nos que as intervintes recoñecen o pago ou cobros de comisións, sobrecustos consecuencia da elección do sistema de contratación ou producidos na execución do contrato... son prácticas para cuxa interdicción os actuais mecanismos institucionais de control, internos e externos, evidenciáronse insuficientes ou susceptibles de seren bloqueados.

Especialmente grave (e elocuente) resultou a obstaculización por parte do Partido Popular da Comisión de Investigación sobre a contratación discrecional da Xunta de Galiza, que se ben non puido evitar a súa constitución, si logrou impedir o acceso a toda a documentación solicitada polo BNG, grupo que instou a súa creación.

A presenza de numerosos entes instrumentais, en moitos casos cun non moi elevado nivel de transparencia, a externalización crecente de servizos públicos e o abuso da contratación discrecional son elementos que están a incrementar o risco de corrupción e de posíbeis prácticas irregulares.

Circunstancias, todas elas reiteradamente advertidas polo Consello de Contas, quen ven manifestando a necesidade de reforzar a transparencia, o control financeiro ou conflitos de interese, así como a comenencia de reforzar os mecanismos de prevención e detección da corrupción.

De todo anterior se desprende a necesidade da creación dunha Oficina Antifraude en Galiza -como xa existen en varias Comunidades Autónomas-, con autonomía funcional, capacidade de investigación e competencia para recibir denuncias tanto internas como externas sobre posibles casos de corrupción, uso indebido de fondos públicos ou prácticas contrarias á integridade institucional; contribuíndo á construción dunha administración pública máis íntegra, eficiente e transparente.

Precisamente é a experiencia nas Comunidades Autónomas que puxeron en marcha organismos desta natureza a que acredita a súa utilidade tanto na prevención como





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

na disuasión de prácticas corruptas, permitindo a centralización e profesionalización da loita contra a corrupción, tamén na súa investigación e persecución.

A Oficina debería contar cunha estrutura independente do poder executivo, cunha dirección nomeada por maioría cualificada do Parlamento de Galiza, e cun estatuto de garantías que lle asegure autonomía de funcionamento. Así mesmo, debería promover a formación en ética pública e integridade institucional, realizar informes periódicos e colaborar coas administracións locais e autonómicas para mellorar os seus sistemas internos de control, asumindo as funcións hoxe conferidas ao Consello de Contas, quen podería concentrar os seus recursos e medios na fiscalización económica e financeira.

A actualidade, tanto galega como estatal, ven a evidenciar a urxente necesidade da creación deste organismo destinado a recuperar a confianza nas institucións, e dunha cidadanía galega que demanda máis control, máis transparencia e máis responsabilidade na xestión dos recursos públicos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a presentar no prazo dun ano un proxecto de lei para a creación dunha Oficina Antifraude en Galiza, adscrita ao Parlamento de Galiza, con personalidade xurídica propia, autonomía funcional e orgánica, e cuxos obxectivos estarán encamiñados a prevención da corrupción, detección de situacións de conflito de intereses, e á investigación e inspección do uso ou destino irregular dos recursos públicos e das condutas contrarias á lei e ao dereito, tanto no sector público autonómico, como nas entidades e persoas que xestionen recursos públicos.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 19/06/2025 12:01:08

Óscar Insua Lema na data 19/06/2025 12:01:16

Ana Pontón Mondelo na data 19/06/2025 12:01:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2025 12:02:38
Nº Rexistro: 27690
Data envío: 19/06/2025 12:02:38,584

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/06/2025 12:02:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2025 12:02:38
Nº Rexistro: 27690
Data envío: 19/06/2025 12:02:38,584

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **José Luis Ferro Iglesias, Víctor Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

Cada día, milleiros de empresas e institucións públicas galegas dirixen documentos ao Goberno central para seguir a tramitación de múltiples procesos administrativos.

En múltiples ocasións, estes trámites atopan a cambadela posta polo Goberno central por causa do idioma, chegando a sinalar nun documento oficial que «la documentación en lengua gallega puede dar lugar a interpretaciones erróneas», como lle indicou o Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible ao Concello de Arteixo, logo de que este lle remitira un proxecto en galego.

O dereito a empregar a nosa lingua, correspóndenos a todos os galegos, tamén no eido da administración pública. Ademais, non só é este o problema ao que se enfrontan particulares e empresas, senón que, en moitas ocasións, vense na obriga de traducir documentos moi amplos, supoñendo un elevado incremento no custo económico e de traballo.

Ante este agravio continuo a Galicia e aos dereitos dos galegos, cómpre que un Goberno que tanto se gaba de defender as linguas cooficiais, reconsidere a maneira en que trata a documentación recibida en lingua galega, no que ten a ver cos procedementos administrativos que lle son da súa competencia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

Asinado o día 19/06/2025 ás
13:19
Por Alberto Pazos Couñago





“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reclamar do Goberno de España a incorporación á súa estrutura orgánica dos servizos necesarios para recibir e remitir documentos oficiais en lingua galega, en calquera procedemento administrativo da súa competencia”.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 19/06/2025 13:19:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2025 13:20:17
Nº Rexistro: 27704
Data envío: 19/06/2025 13:20:17.217

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/06/2025 13:20:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2025 13:20:17
Nº Rexistro: 27704
Data envío: 19/06/2025 13:20:17.217

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **José Luis Ferro Iglesias, Paula Prado del Río, Julio García Comesaña, Felisa Rodríguez Carrera, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, Roberto Rodríguez Martínez e Katherinie Varela Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

O Sistema de Xestión Procesual Minerva-NOX (Nova Oficina Xudicial) foi lanzado en 2010 co obxectivo de converterse na aplicación que soportara a tramitación de toda a información relativa aos procedementos xudiciais.

Despois de 13 anos de uso de Minerva, o Goberno central puxo en marcha unha nova versión do sistema baixo a denominación de Atenea, introducindo “importantes melloras funcionais solicitadas polos usuarios”.

Neste senso, Galicia xa comezou os traballos para a súa adaptación ao novo programa, aínda que, polo momento, non ten recibido a súa versión en lingua galega. Algo necesario para a súa correcta implantación nos servizos xudiciais do país. Tal e como establece a normativa vixente en materia de política lingüística e de acordo co dereito da poboación galega de acceso a unha xustiza na lingua propia.

Asinado o día 19/06/2025 ás
13:23
Por Alberto Pazos Couñago



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que incorpore ao Sistema de Xestión Procesual Atenea unha versión en galego, có obxectivo de que poida ser correctamente implantado en Galicia”.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2025



Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 19/06/2025 13:23:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2025 13:23:59
Nº Rexistro: 27706
Data envío: 19/06/2025 13:23:59.971

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/06/2025 13:24:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2025 13:23:59
Nº Rexistro: 27706
Data envío: 19/06/2025 13:23:59.971

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 27716
Data envío: 19/06/2025 14:09:41.480

Asinado o día 19/06/2025 ás 14:05
Por Carlos López Font

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **María Elena Espinosa Mangana, Silvia Longueira Castro, Carlos López Font e Julio Ernesto Abalde Alonso**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galicia ten as competencias en materia educativa, e tal e como indica a LOMLOE, ten que garantir unha educación de calidade para a totalidade do alumnado, sen ningún tipo de discriminación, manifestando un apoio directo e específico ás medidas de atención á diversidade e garantindo a inclusión educativa de todo o alumnado na atención personalizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.

Pero esta non é a realidade que van vivir os centros educativos do Concello de Ponteareas, dado que no curso 2025-2026, vaise a producir un grave retroceso, que lonxe de garantir unha educación inclusiva, quedarán sen unha atención adecuada os centros con necesidades específicas de apoio educativo.

Todo iso porque as prazas de profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica (PT) e Audición e Linguaxe (AL), non serán cubertas ou se fará de forma insuficiente.

E é obrigación da Xunta de Galicia garantir que ningún estudante con necesidades específicas quede desatendido.

E non é un tema novo, xa que estas necesidades xa foran claramente expostas durante o pasado curso escolar 2024-2025. Ademais, as comunidades educativas de múltiples localidades galegas víronse obrigadas a mobilizarse,

Asinado o día 19/06/2025 ás 14:05
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 19/06/2025 ás 14:05
Por Elena Espinosa Mangana

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

92031

28071 Madrid

Por José Ramón Gómez Besteiro

CSV: BOPGDSPG-XWkTpVoxo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 27716
Data envío: 19/06/2025 14:09:41.480

denunciando esta situación e esixindo unha educación pública digna, inclusiva e cos recursos necesarios para atender a diversidade do alumnado.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a garantir, para o curso 2025/2026, que todos os centros educativos de Ponteareas dispoñan dos especialistas de profesorado de Pedagogía Terapéutica (PT) e Audición e Linguaxe (AL) para asegurar a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Santiago de Compostela, a 19 de xuño do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

92032

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-XWkTpOxo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 19/06/2025 14:05:37

Silvia Longueira Castro na data 19/06/2025 14:05:46

Carlos López Font na data 19/06/2025 14:05:52

Julio Abalde Alonso na data 19/06/2025 14:06:00

José Ramón Gómez Besteiro na data 19/06/2025 14:06:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 27716
Data envío: 19/06/2025 14:09:41.480

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 27716
Data envío: 19/06/2025 14:09:41.480

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/06/2025 14:09:42

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 27720
Data envío: 19/06/2025 16:28:54.489

Asinado o día 19/06/2025 ás 16:24
Por Lara Méndez Lóp

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Patricia Iglesias Rey, Elena Espinosa Mangana e Lara Méndez López**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno galego ten pendentes débedas históricas e inversións relevantes nas comarcas de Bergantiños e Costa da Morte, abarcando áreas como sanidade, infraestruturas, turismo, medio rural e servizos públicos.

Ano tras ano nos dezaseis que leva o Partido Popular de Galicia na Xunta de Galicia, os compromisos orzamentarios con estas comarcas quedan no papel.

Non se executan nin se fan as obras de infraestruturas urxentes, como o remate da autovía da Costa da Morte, que non vai ser rescatada e que ten ademais peaxes máis caras dende o 1 de xaneiro de 2025.

Promesas incumpridas como a necesidade de solo industrial, as deficiencias nos centros educativos e de saúde e saneamento de augas.

Respecto á comarca de Bergantiños, o polígono de Bértoa sabemos que xa está esgotado. A día de hoxe non hai parcelas xa dispoñibles para albergar empresas. O polígono de Carballo é un parque empresarial situado a cabalo da área metropolitana da Coruña e as comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira, Xallas e Fisterra. É unha das áreas industriais e de implantación empresarial de maior proxección de Galicia. Empresariado do polígono,

Asinado o día 19/06/2025 ás 16:24
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 19/06/2025 ás 16:24
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

92035

28071 Madrid





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 27720
Data envío: 19/06/2025 16:28:54.489

Concello de Carballo e a propia Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) coinciden no carácter estratéxico deste parque como polo de xeración de emprego cualificado, con incidencia local, pero tamén comarcal, non só de Bergantiños senón tamén da Costa da Morte, e en consonancia a Xunta de Galicia debería ser a máis interesada en que a política de desenvolvemento industrial fora realidade e non quedará so nos anuncios e no papel.

A situación do polígono de Bértoa e o seu dinamismo, fixeron do parque carballés un dos máis atractivos para a implantación empresarial, o cal se traduciu nunha venda constante de parcelas nos últimos anos. Até o punto que, a día de hoxe, o Polígono industrial de Bértoa carece dun só metro de solo susceptible de ser ocupado por novas empresas que se queiran implantar na nosa zona.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Formalizar de inmediato os contratos xa adxudicados para a redacción do proxecto de expropiación, e se axilicen os procedementos relativos a redacción do proxecto de desenvolvemento e urbanización, así como o proxecto de parcelamento da ampliación do polígono.
2. Que exista un compromiso de incluír nos orzamentos da Xunta para o vindeiro ano unha partida específica e nominal para afrontar o custe das expropiacións necesarias para executar o proxecto de ampliación do polígono empresarial de Bértoa.

Santiago de Compostela, a 19 de xuño do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

92036

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 19/06/2025 16:24:27

Elena Espinosa Mangana na data 19/06/2025 16:24:35

Lara Méndez López na data 19/06/2025 16:24:43

José Ramón Gómez Besteiro na data 19/06/2025 16:24:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 27720
Data envío: 19/06/2025 16:28:54.489

CSV: BOPGDSPG-XWkTpVOxo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/06/2025 16:28:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 27720
Data envío: 19/06/2025 16:28:54.489

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 27721
Data envío: 19/06/2025 16:29:12.908

Asinado o día 19/06/25
16:25
Por Lara Méndez Lóp

Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas **Patricia Iglesias Rey, Elena Espinosa Mangana e Lara Méndez López**, a través do voceiro e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esta Mesa a seguinte **proposición non de lei para debate en Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno galego ten pendentes débedas históricas e inversións relevantes nas comarcas de Bergantiños e Costa da Morte, abarcando áreas como sanidade, infraestruturas, turismo, medio rural e servizos públicos.

Ano tras ano nos dezaseis que leva o Partido Popular de Galicia na Xunta de Galicia, os compromisos orzamentarios con estas comarcas quedan no papel.

Non se executan nin se fan as obras de infraestruturas urxentes, como o remate da autovía da Costa da Morte, que non vai ser rescatada e que ten ademais peaxes máis caras dende o 1 de xaneiro de 2025.

Promesas incumpridas como a necesidade de solo industrial, as deficiencias nos centros educativos e de saúde e saneamento de augas.

Respecto á comarca de Bergantiños, o polígono de Bértoa sabemos que xa está esgotado. A día de hoxe non hai parcelas xa dispoñibles para albergar empresas. O polígono de Carballo é un parque empresarial situado a cabalo da área metropolitana da Coruña e as comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira, Xallas e Fisterra. É unha das áreas industriais e de implantación empresarial de maior proxección de Galicia. Empresariado do polígono,

Asinado o día 19/06/2025 ás
16:25
Por Elena Espinosa Mangana

Asinado o día 19/06/2025 ás
16:24
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

92039

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 27721
Data envío: 19/06/2025 16:29:12.908

Concello de Carballo e a propia Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) coinciden no carácter estratéxico deste parque como polo de xeración de emprego cualificado, con incidencia local, pero tamén comarcal, non só de Bergantiños senón tamén da Costa da Morte, e en consonancia a Xunta de Galicia debería ser a máis interesada en que a política de desenvolvemento industrial fora realidade e non quedará so nos anuncios e no papel.

A situación do polígono de Bértoa e o seu dinamismo, fixeron do parque carballés un dos máis atractivos para a implantación empresarial, o cal se traduciu nunha venda constante de parcelas nos últimos anos. Até o punto que, a día de hoxe, o Polígono industrial de Bértoa carece dun só metro de solo susceptible de ser ocupado por novas empresas que se queiran implantar na nosa zona.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Formalizar de inmediato os contratos xa adxudicados para a redacción do proxecto de expropiación, e se axilicen os procedementos relativos a redacción do proxecto de desenvolvemento e urbanización, así como o proxecto de parcelamento da ampliación do polígono.
2. Que exista un compromiso de incluír nos orzamentos da Xunta para o vindeiro ano unha partida específica e nominal para afrontar o custe das expropiacións necesarias para executar o proxecto de ampliación do polígono empresarial de Bértoa.

Santiago de Compostela, a 19 de xuño do 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

92040

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 19/06/2025 16:24:59

Elena Espinosa Mangana na data 19/06/2025 16:25:06

Lara Méndez López na data 19/06/2025 16:25:17

José Ramón Gómez Besteiro na data 19/06/2025 16:25:25



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 27721
Data envío: 19/06/2025 16:29:12.908

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2025 16:30:00
Nº Rexistro: 27721
Data envío: 19/06/2025 16:29:12.908

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/06/2025 16:29:13

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2025 16:37:29
Nº Rexistro: 27727
Data envío: 19/06/2025 16:37:29.286

Asinado o día 19/06/2025 ás 16:34
Por Iria Carreira Pazo

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputado **Oscar Insua Lema, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a adopción de medidas correctoras no servizo de garda das farmacias na Costa da Morte.

Asinado o día 19/06/2025 ás 16:34
Por María Montserrat Prado Cores

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende hai anos, o sistema de quendas de gardas das farmacias mudou en Galiza, tamén na costa da morte, debido aos cambios introducidos pola lei 3/2019 de 2 de xullo de ordenación farmacéutica de Galiza e polo Decreto 228/2022, do 29 de decembro, de horarios, quendas de garda e vacacións das oficinas de farmacia.

Establece o Decreto 228/2022 que son os colexios oficiais de farmacéuticos e farmacéuticas de cada provincia os encargados de organizar as quendas de garda de acordo cos criterios contidos no propio decreto, así como de comunicalas á consellería competente en materia de sanidade. Establece o artigo 7.2 deste Decreto que “as quendas de garda realizárase de forma que permita en todo momento a cobertura das necesidades asistenciais da poboación, tendo en conta a poboación que se debe atender, **a accesibilidade da poboación á atención farmacéutica** e a obrigatoriedade de prestación do servizo de garda na área de referencia dos puntos de atención continuada”.

Asinado o día 19/06/2025 ás 16:34
Por Oscar Insua Lema

O artigo 9 dispón o seguinte:

“Regulación das quendas de garda nas zonas farmacéuticas semiurbanas e rurais





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

1. *Con carácter xeral, polo menos unha oficina de farmacia das establecidas nas zonas farmacéuticas semiurbanas e rurais, definidas nas letras b) e c) do artigo 31.1 da Lei 3/2019, do 2 de xullo, onde se localice o punto de atención continuada prestará o servizo de garda.*

2. *Sen prexuízo do anterior, dependendo de factores de orde xeográfica, demográficos ou de densidade de poboación que se considerarán na organización das quendas de garda e sempre e cando se asegure un adecuado servizo ás persoas usuarias, nas zonas farmacéuticas semiurbanas e rurais poderase autorizar o establecemento de quendas entre oficinas de farmacia de distintas zonas farmacéuticas con base no concepto de «área de referencia do PAC», dentro da cal deberá estar sempre asegurado o acceso á prestación do servizo de garda farmacéutico durante as 24 horas do día. Como principio xeral, esta área coincidirá xeograficamente coas zonas farmacéuticas que comparten o mesmo PAC de referencia.*

En todo caso, as farmacias incluídas nas quendas de garda de cada área de referencia deben estar situadas a menos de 15 quilómetros do PAC ou a menos de 15 minutos del, empregando para este desprazamento as vías e medios de transporte existentes en cada momento, e tomando como referencia válida a cifra menor de ambas as dúas.

Excepcionalmente, poderá acordarse que unha única oficina de farmacia preste servizo de garda en máis dunha área de referencia nos casos en que a distancia existente entre os distintos PAC non exceda os 15 minutos ou 15 quilómetros.”

Nas comarcas de Fisterra e Soneira, existen 27 farmacias repartidas polo territorio da seguinte maneira: 4 nos concellos de Camariñas, Carnota, Cee e Vimianzo, 3 en Fisterra e Muxía, 2 en Dumbría e Zas e 1 en Corcubión. Ao mesmo tempo, ademais dos centros de atención primaria, contamos co hospital comarcal e servizo de urxencias en Cee, e dous puntos de atención continuada (PAC), en Vimianzo e tamén en Cee. As





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

quendas de garda das farmacias son diurnas e nocturnas, mais a problemática para os veciños e veciñas preséntase na noite, ao ter que desprazarse en vehículo particular ou público, ata 15 quilómetros para acceder aos medicamentos que son de aplicación ou toma inmediata.

Tendo en conta o Decreto 228/2022, algunha das farmacias situadas nos concellos de Fisterra, Muxía ou Zas, non quedan obrigadas a realizar as gardas, mais existen outras situadas no límite da distancia máxima, que si deben cubrilas. xerando situacións que provocan ducias de queixas entre a veciñanza, dándose nalgún momento a casuística concreta de ter que recorrer 15 Kms para ir ao PAC, e outros 15 para ir á farmacia, e outros 30 para volver a casa, e só para mercar os medicamentos prescritos e que non poden esperar ao día seguinte. Este podería ser o caso dunha persoa que reside en Muxía, que vai ao PAC a Cee e ten que ir á farmacia do Pindo, e volver a casa. Si este percorrido o ten que facer conducindo o vehículo o mesmo doente que acude ao PAC, a situación faise complicada, e cando menos incómodo, e xa non digamos quen carece de vehículo e ten que acudir nun taxi, e asumir dobre custo pola viaxe.

Son numerosas as queixas que recibimos dos veciños e veciñas da nosa comarca, que se atopan con estas situacións en determinados días da semana, e que demandan un sistema de gardas nas farmacias que evite realizar estes longos desprazamentos cando acoden ao PAC ou a urxencias, dado que nestes centros médicos non sempre subministran ao doente a medicación necesaria para non ter que acudir de inmediato á farmacia, e poder esperar ao día seguinte. Tendo en conta o número de farmacias existentes nos núcleos urbanos dos concellos onde están ubicados os PAC, sería desexable que foran estas as encargadas de realizar as quendas de garda, sen prexuízo de que os colexios farmacéuticos propoñan outra solución mellor, que evite recorrer máis de 50 quilómetros a un doente que acode aos centros médicos mencionados a partir das dez da noite.





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a realizar todas as xestións pertinentes co colexio oficial de farmacéuticos e farmacéuticas da Coruña, para conseguir un novo sistema de organización das quendas de garda nas comarcas de Fisterra e Soneira que evite longos desprazamentos aos usuarios das farmacias.”

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 19/06/2025 16:34:01

María Montserrat Prado Cores na data 19/06/2025 16:34:11

Iria Carreira Pazos na data 19/06/2025 16:34:21

Olalla Rodil Fernández na data 19/06/2025 16:34:29



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2025 16:37:29
Nº Rexistro: 27727
Data envío: 19/06/2025 16:37:29.286

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/06/2025 16:37:29
Nº Rexistro: 27727
Data envío: 19/06/2025 16:37:29.286

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 19/06/2025 16:37:29

CSV: BOPGDSPG-XWkTpvoXo-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO


3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

